

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

ORDE do 10 de febreiro de 2023 pola que se dispón a publicación da normativa do Plan hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa, aprobado polo Real decreto 48/2023, do 24 de xaneiro.

O artigo 75 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, recolle que toda actuación administrativa sobre as augas debe subordinarse ao contido da planificación hidrolóxica e que existirá un plan hidrolóxico para a Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa.

O Plan hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa é o documento básico de xestión dos recursos hídricos desta demarcación. Nel planifícanse as actuacións que se van desenvolver no correspondente ciclo hidrolóxico e ao finalizar este revísase e actualízase o plan.

No ano 2012 aprobouse o Plan hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa correspondente ao primeiro ciclo hidrolóxico 2009-2015 mediante o Real decreto 1332/2012, do 14 de setembro.

En virtude do mandato contido na Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas, a Comunidade Autónoma de Galicia dotouse dun procedemento propio para a aprobación dos instrumentos de planificación hidrolóxica coa aprobación do Regulamento da planificación en materia de augas de Galicia, aprobado polo Decreto 1/2015, do 15 de xaneiro.

Posteriormente, aprobouse o Plan hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa para o segundo ciclo hidrolóxico 2015-2021 mediante o Real decreto 11/2016, do 8 de xaneiro, que foi o resultado dos traballos de implantación, actualización e seguimento da mencionada Directiva marco da auga en Galicia-Costa, o que deixou sen efectos o Plan hidrolóxico do ciclo anterior.

Como consecuencia da finalización do segundo ciclo hidrolóxico 2015-2021 e de acordo co disposto no capítulo II do citado Regulamento da planificación en materia de augas de Galicia, a proposta do proxecto do novo plan hidrolóxico para o terceiro ciclo 2021-2027 foi sometida a informe e aprobada, coa conformidade do Comité de Autoridades Competentes



da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa, o día 25 de abril de 2022 polo Consello Reitor de Augas de Galicia, que a elevou ao Consello da Xunta de Galicia.

O 19 de maio de 2022, o Consello da Xunta de Galicia acordou a aprobación do proxecto do plan e a súa remisión ao Goberno do Estado, para os efectos de continuar coa tramitación ata a súa aprobación final mediante real decreto do Consello de Ministros.

Tras o preceptivo informe do Consello Nacional da Auga do 10 de outubro de 2022, o documento foi aprobado definitivamente polo Consello de Ministros o 24 de xaneiro de 2023.

O 10 de febreiro de 2023 publicouse no *Boletín Oficial del Estado* o Real decreto 48/2023, do 24 de xaneiro, polo que se aproba o Plan hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa.

O plan hidrolóxico é a ferramenta fundamental para a consecución dos obxectivos ambientais, entre os cales se encontran o bo estado e o principio de non deterioración das masas de auga e o cumprimento dos requisitos adicionais nas zonas protexidas. Para iso o plan conta cun programa de medidas e unha normativa, cos cales se pretende conseguir a xestión integrada e a protección a longo prazo dos recursos hídricos, a prevención do detrimento do estado das augas, a protección e mellora do medio e dos ecosistemas acuáticos, a redución da contaminación e a prevención dos efectos de inundacións e secas.

Ademais, no actual contexto de cambio climático, resulta de especial relevancia compatibilizar os usos sociodomésticos da auga coas restricións ambientais, polo que a redución das demandas a través da mellora da eficiencia e da racionalidade do uso presentan un reto para o futuro.

De conformidade co previsto nos artigos 78.1 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, e 6 do Regulamento da planificación en materia de augas de Galicia, o Plan hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa contén os seguintes documentos: a memoria, que é o documento base en que se recollen todas as liñas de actuación para a xestión dos recursos hídricos, e a normativa, que establece as directrices de carácter normativo para a consecución dos obxectivos da planificación hidrolóxica.

O contido íntegro do Plan hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa estará dispoñible na páxina web de Augas de Galicia (<https://augasdegalicia.xunta.gal>).



Con base no disposto no artigo 12.3 do Regulamento da planificación en materia de augas de Galicia, dispónse a publicación no *Diario Oficial de Galicia* da normativa do Plan hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa correspondente ao terceiro ciclo da planificación hidrolóxica, anos 2021-2027, que figura como anexo a esta orde.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2023

Ethel María Vázquez Mourelle
Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade

Normativa do Plan hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa

Capítulo preliminar. Ámbito territorial e sistemas de explotación

Artigo 1. Ámbito territorial do plan hidrolóxico

Artigo 2. Información xeográfica oficial

Artigo 3. Definición dos sistemas de explotación de recursos

Capítulo I. Masas de auga da demarcación hidrográfica

Artigo 4. Delimitación das masas de auga

Artigo 5. Identificación das masas de auga superficial

Artigo 6. Condicións de referencia e límites de cambio de clase

Artigo 7. Identificación das masas de auga subterránea

Capítulo II. Uso da auga na demarcación hidrográfica

Artigo 8. Orde de preferencia entre diferentes usos e aproveitamentos

Artigo 9. Uso eficiente da auga

Artigo 10. Asignación de recursos aos aproveitamentos actuais e futuros

Artigo 11. Dotacións

CVE-DOG: s4ypqmu7-8047-mii9-cey2-5ixuirixfc28



Artigo 12. Reserva de recursos

Capítulo III. Réxime de caudais ecolóxicos e outras demandas ambientais

Artigo 13. Definición de caudal ecolóxico mínimo, máximo, xerador e taxa de cambio

Artigo 14. Réxime de caudais ecolóxicos e condicións xerais

Artigo 15. Determinación dos caudais ecolóxicos mínimos

Artigo 16. Caudais mínimos ecolóxicos en zonas protexidas

Artigo 17. Consideracións respecto a caudais máximos, caudais xeradores e taxas de cambio

Artigo 18. Caudais ecolóxicos en condicións de seca

Artigo 19. Cumprimento do réxime de caudais ecolóxicos

Artigo 20. Control do réxime de caudais ecolóxicos

Artigo 21. Seguimento do réxime de caudais ecolóxicos

Capítulo IV. Zonas protexidas e réxime de protección aplicable

Artigo 22. Reservas hidrolóxicas

Artigo 23. Protección de concesións de auga subterránea

Artigo 24. Zonas de protección especial

Artigo 25. Rexistro de zonas protexidas

Capítulo V. Obxectivos ambientais e modificación das masas de auga

Artigo 26. Obxectivos ambientais das masas de auga

Artigo 27. Condicións para admitir a deterioración temporal do estado das masas de auga



Artigo 28. Modificacións ou alteracións das masas de auga

Capítulo VI. Medidas de protección relativas ás condicións morfolóxicas das masas de auga

Artigo 29. Medidas relativas ás actuacións de conservación fluvial

Artigo 30. Medidas relativas a garantir a continuidade do leito

Artigo 31. Medidas relativas a presas e encoros

Artigo 32. Medidas relativas ao transporte de sedimentos

Artigo 33. Medidas relativas a novas plantacións e cortas

Artigo 34. Medidas relativas a labores agrícolas

Artigo 35. Medidas relativas a instalacións eléctricas

Artigo 36. Medidas relativas a especies exóticas invasoras

Artigo 37. Medidas relativas ao seguimento e control de cianobacterias

Capítulo VII. Medidas de protección relativas á utilización do dominio público hidráulico

Artigo 38. Distancias de protección entre aproveitamentos

Artigo 39. Medidas relativas ás masas de auga superficial

Artigo 40. Medidas relativas ás masas de auga subterránea

Artigo 41. Limitacións aos prazos concesionais

Artigo 42. Criterios para a avaliación de concesións para rega

Artigo 43. Criterios para a avaliación de concesións para aproveitamentos hidroeléctricos

Artigo 44. Criterios para a avaliación de concesións para acuicultura e outros



Artigo 45. Criterios para a avaliación de aproveitamentos mineiros

Artigo 46. Criterios para a avaliación de aproveitamentos hidráulicos para a refrixeración de centrais térmicas

Artigo 47. Criterios para a avaliación de aproveitamentos enerxéticos de forza motriz

Artigo 48. Criterios para a avaliación de instalacións xeotérmicas

Artigo 49. Criterios para a avaliación de infraestruturas de abastecemento e saneamento

Artigo 50. Medidas de xestión de aproveitamentos hidráulicos

Artigo 51. Medidas relativas á navegación

Artigo 52. Medidas relativas ás actividades de aventura

Capítulo VIII. Medidas de protección relativas ao estado das masas de auga

Artigo 53. Das verteduras

Artigo 54. Autorizacións de vertedura

Artigo 55. Verteduras procedentes de zonas urbanas

Artigo 56. Verteduras procedentes de zonas industriais

Artigo 57. Verteduras procedentes de instalacións de depósito e xestión de residuos sólidos

Artigo 58. Verteduras procedentes de instalacións gandeiras

Artigo 59. Verteduras ás augas subterráneas

Artigo 60. Seguimento dos efectos do cambio climático nos sistemas fluviais

Capítulo IX. Medidas de protección relativas ás inundacións e secas

Artigo 61. Delimitación de zonas inundables



Artigo 62. Criterios para a determinación dos caudais de enchente

Artigo 63. Contido dos instrumentos de planificación de carácter territorial ou urbanístico

Artigo 64. Autorizacións en zonas inundables dentro da zona de policía

Artigo 65. Obras de protección e defensa

Artigo 66. Obras de paso de infraestruturas de transporte

Artigo 67. Criterios para o deseño da drenaxe nas novas áreas que se van urbanizar

Artigo 68. Outras obras e actuacións

Artigo 69. Sistemas de alerta temperá

Artigo 70. Operación dos órganos de desaugamento en encoros durante os episodios de enchentes

Artigo 71. Danos producidos polas enchentes

Artigo 72. Revisión das normas de explotación de encoros en relación coas enchentes

Artigo 73. Medidas de protección contra as secas

Artigo 74. Aplicación do principio de recuperación de custos

Capítulo X. Programa de medidas

Artigo 75. Programa de medidas

Artigo 76. Seguimento do programa de medidas

Capítulo XI. Organización e procedemento para facer efectiva a participación pública

Artigo 77. Organización e procedemento para facer efectiva a participación pública

Artigo 78. Grupos de traballo técnico do Comité de Autoridades Competentes



Capítulo XII. Seguimento do plan hidrolóxico

Artigo 79. Seguimento do plan hidrolóxico

Disposición transitoria primeira. Normas de explotación de aproveitamentos existentes

Apéndices das disposicións normativas

Apéndice 1. Sistemas de explotación e recursos hídricos naturais

Apéndice 2. Masas de auga superficial

Apéndice 2.1. Masas de auga superficial-ríos

Apéndice 2.2. Masas de auga superficial-transición

Apéndice 2.3. Masas de auga superficial-costeiras naturais

Apéndice 2.4. Masas de auga superficial-encoros

Apéndice 2.5. Masas de auga superficial-lagos artificiais

Apéndice 2.6. Masas de auga superficial-portos

Apéndice 3. Indicadores e límites de cambio de clase para os elementos de calidade de masas de auga superficial

Apéndice 3.1. Indicadores e límites de cambio de clase de masas de auga río

Apéndice 3.2. Indicadores e límites de cambio de clase de masas de auga de transición

Apéndice 3.3. Indicadores e límites de cambio de clase de masas de auga costeiras

Apéndice 3.4. Indicadores e cambio de clase de masas de auga costeiras moi modificadas

Apéndice 3.5. Indicadores e límites de cambio de clase de masas de auga lagos moi modificadas (encoros) e lagos artificiais

Apéndice 4. Masas de auga subterránea



Apéndice 5. Definición dos usos da auga

Apéndice 6. Asignación e reserva de recursos

Apéndice 6.1. Asignación de recursos

Apéndice 6.2. Reserva de recursos

Apéndice 7. Dotacións de recursos

Apéndice 7.1. Dotacións de auga para abastecemento urbano

Apéndice 7.2. Dotacións de auga para usos gandeiros

Apéndice 7.3. Dotacións de auga para regadío

Apéndice 7.4. Dotacións de auga para usos industriais

Apéndice 7.5. Consumos industriais por superficie bruta

Apéndice 7.6. Dotacións de auga para actividades específicas, centros colectivos e servizos

Apéndice 7.7. Dotacións para depósitos de auga para a extinción de incendios forestais

Apéndice 8. Caudais ecolóxicos

Apéndice 8.1. Réxime de caudais ecolóxicos mínimos en condicións ordinarias

Apéndice 8.2. Réxime de caudais mínimos en período de seca

Apéndice 8.3. Réxime de caudais máximos, caudais xeradores e taxas de cambio

Apéndice 8.4. Masas de auga moi alteradas hidrolóxicamente

Apéndice 9. Reservas hidrolóxicas

Apéndice 9.1. Reservas naturais fluviais

Apéndice 10. Obxectivos ambientais



Apéndice 10.1. Obxectivos ambientais nas masas de auga río

Apéndice 10.2. Obxectivos ambientais nas masas de auga lago

Apéndice 10.3. Obxectivos ambientais nas masas de auga de transición

Apéndice 10.4. Obxectivos ambientais nas masas de auga costeira

Apéndice 10.5. Obxectivos ambientais nas masas de auga subterráneas

Apéndice 11. Zonas de protección especial

Apéndice 11.1. Tramos de interese natural

Apéndice 11.2. Tramos de interese ambiental

Apéndice 11.3. Zonas húmidas

Apéndice 11.4. Tramos que requiren protección especial debido á existencia de especies ameazadas

Apéndice 12. Regulación da navegación nos encoros da DHGC

Apéndice 13. Valores límite de vertedura

Apéndice 13.1. Valores límite de vertedura de augas residuais industriais procedentes de instalacións de acuicultura e auxiliares de acuicultura

Apéndice 13.2. Valores límite de vertedura de augas residuais industriais a ría ou a mar, procedentes de instalacións de cocedoiros

Apéndice 13.3. Valores límite de vertedura de augas residuais industriais a dominio público hidráulico

Apéndice 14. Programa de medidas 2021-2027

CAPÍTULO PRELIMINAR

Ámbito territorial e sistemas de explotación

Artigo 1. *Ámbito territorial do plan hidrolóxico*

1. De acordo co establecido na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, e no artigo 40.3 do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislati-



vo 1/2001, do 20 de xullo, o ámbito territorial do Plan hidrolóxico de Galicia-Costa e das presentes disposicións normativas coincide co da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa.

2. O ámbito territorial da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa é o establecido no artigo 24.3 do Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia.

3. Para os efectos da avaliación de recursos superficiais e outros fins, a demarcación dividiuse nas 19 subzonas que quedan definidas no apéndice 1. Os recursos hidráulicos naturais medios, cuxa xestión é obxecto do presente plan hidrolóxico, no ámbito territorial da demarcación avaliáronse en 12.014 hm³/ano, sen que superen a metade dos anos os 8.550 hm³/ano. Os valores por subzonas aparecen no apéndice 1. Estes valores e as súas actualizacións poderán consultarse no portal web de Augas de Galicia (actualmente <https://augasdegalicia.xunta.gal>, accesible tamén desde o sitio web <https://www.xunta.gal>). Nos estudos sobre recursos hidráulicos da demarcación, co fin de asegurar unha homoxeneidade, será obrigada a súa referencia.

Artigo 2. *Información xeográfica oficial*

Para dar soporte a toda a información alfanumérica e xeoespacial que se contén no Plan hidrolóxico de Galicia-Costa, Augas de Galicia dispón do sistema de información denominado IDE-DHGC (Infraestrutura de datos espaciais da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa), administrado por Augas de Galicia co fin de facilitar o coñecemento da información básica da bacía aos distintos usuarios da auga e á cidadanía en xeral.

Este sistema de información é accesible ao público no portal web de Augas de Galicia (actualmente <https://augasdegalicia.xunta.gal>, accesible tamén desde o sitio web <https://www.xunta.gal>).

Artigo 3. *Definición dos sistemas de explotación de recursos*

1. Con base no previsto no artigo 19 do Regulamento da planificación hidrolóxica, aprobado polo Real decreto 907/2007, do 6 de xullo, dentro do ámbito territorial do presente plan hidrolóxico, establecido no artigo 1, defínense os seguintes sistemas de explotación parciais de recursos:

1. Río Verdugo, ría de Vigo e ría de Baiona.



2. Costa de Pontevedra.
3. Río Lérez e ría de Pontevedra.
4. Río Umia e ría de Arousa (marxe esquerda).
5. Río Ulla e ría de Arousa (marxe dereita).
6. Río Tambre e ría de Muros e Noia.
7. Río Xallas, costa da Coruña e ría de Corcubión.
8. Río O Castro.
9. Río Grande, ría de Camariñas e costa da Coruña ata o río Anllóns.
10. Río Anllóns, costa da Coruña ata límite de Arteixo.
11. Río Mero, Arteixo e ría da Coruña.
12. Río Mandeo e ría de Betanzos.
13. Río Eume e ría de Ares.
14. Ferrol.
15. Río Mera, ría de Santa Marta de Ortigueira e ría de Cedeira.
16. Río Sor, ría de Santa Marta de Ortigueira e ría de Viveiro.
17. Río Landro e río Ouro.
18. Río Masma.
19. Ría de Ribadeo.

2. Para os efectos do establecido no Regulamento da planificación hidrolóxica, defínese un sistema de explotación único, Galicia-Costa, no cal, de forma simplificada, quedan incluídos todos os sistemas parciais definidos no número 1, e co cal se posibilite a análise global de comportamento de toda a demarcación hidrográfica.



CAPÍTULO I**Masas de auga da demarcación hidrográfica****Artigo 4. *Delimitación das masas de auga***

Os datos xeométricos das entidades xeoespaciais que delimitan as masas de auga da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa están dispoñibles na Infraestrutura de datos espaciais da demarcación, definida no artigo 2.

Sección 1ª. Masas de auga superficial**Artigo 5. *Identificación das masas de auga superficial***

1. De acordo co artigo 5 do Regulamento da planificación hidrolóxica, este plan hidrolóxico identifica 487 masas de auga superficial. Das 487 masas de auga superficial identificadas e delimitadas, incluíndo as de orixe artificial, asígnanse:

a) Á categoría ríos, 412 masas de auga, das cales 400 corresponden a ríos naturais e 12 a masas de auga moi modificadas.

b) Á categoría lagos, 24 masas de auga, das cales 2 corresponden a masas de auga artificiais e 22 a masas de auga moi modificadas.

c) Á categoría augas de transición, 22 masas de auga, das cales ningunha corresponde a masas de auga moi modificadas.

d) Á categoría augas costeiras, 29 masas de auga, das cales 7 corresponden a masas de auga moi modificadas.

2. No apéndice 2 deste documento aparecen relacionadas e caracterizadas as masas de auga superficial.

Artigo 6. *Condicións de referencia e límites de cambio de clase*

Os indicadores que deben utilizarse para a valoración do estado ou potencial en que se encontran as masas de auga superficial son os establecidos no Real decreto 817/2015, do 11 de setembro, polo que se establecen os criterios de seguimento e avaliación do estado das augas superficiais e as normas de calidade ambiental. Adicionalmente, no apéndice 3 establécense valores de referencia e límites de cambio de clase de estado ou potencial



doutros indicadores empregados para esta demarcación hidrográfica non incluídos no citado real decreto, así como límites de cambio de clase máis estritos para algúns indicadores incluídos no citado real decreto, que deberán usarse complementariamente.

Sección 2ª. Masas de auga subterránea

Artigo 7. Identificación das masas de auga subterránea

Para dar cumprimento ao artigo 9 do Regulamento da planificación hidrolóxica, o presente plan hidrolóxico identifica 18 masas de auga subterránea na súa bacía, que figuran relacionadas no apéndice 4 do presente documento.

CAPÍTULO II

Uso da auga na demarcación hidrográfica

Artigo 8. Orde de preferencia entre diferentes usos e aproveitamentos

1. Tendo en conta as exixencias para a protección e conservación do recurso e da súa contorna, e respectando o carácter prioritario do abastecemento, a orde de preferencia entre os diferentes usos da auga recollidos no artigo 60.3 do TRLA e no artigo 49.bis do Regulamento do dominio público hidráulico (RDPH), aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril, cuxa descrición vén recollida no apéndice 5, é a seguinte:

a) Uso destinado ao abastecemento:

1º) Uso destinado ao abastecemento de núcleos urbanos.

2º) Uso destinado a outros abastecementos fóra de núcleos urbanos.

b) Usos para transición xusta, previstos na disposición adicional décimo sexta do texto refundido da Lei de augas.

c) Usos ambientais, entendendo como tales aqueles usos da auga que son esenciais para a preservación do ambiente, así como os derivados da lexislación de incendios forestais, protección civil, especies protexidas ou conservación de zonas húmidas.

d) Usos agropecuarios e acuicultura.



e) Usos industriais para produción de enerxía eléctrica.

f) Outros usos industriais:

1º) Industrias produtoras de bens de consumo.

2º) Industrias do lecer e o turismo.

3º) Industrias extractivas.

g) Usos recreativos.

h) Navegación e transporte acuático.

i) Outros usos non ambientais.

2. De acordo co establecido polo artigo 60.4 do texto refundido da Lei de augas, con carácter xeral, dentro dun mesmo tipo de uso ou dunha mesma clase, en caso de incompatibilidade, entenderase que teñen unha maior utilidade pública os seguintes aproveitamentos:

a) Nos abastecementos de poboación, terán preferencia as peticións que se refiran a mancomunidades, consorcios ou sistemas integrados de municipios, así como as iniciativas que substitúan augas con problemas de calidade por augas superficiais ou subterráneas de adecuada calidade.

b) Nos usos agropecuarios, terán preferencia os aproveitamentos existentes e rexistrados no Rexistro de Augas ou Catálogo de augas privadas de Augas de Galicia, así como aqueles que estean en trámite de inscrición e reúnan os requisitos adecuados ao abeiro das disposicións do texto refundido da Lei de augas. Entre os aproveitamentos con destino a novos regadíos terán preferencia os destinados aos sistemas de aproveitamento que sustentan formacións herbosas naturais e seminaturais (prados mesófilos utilizados como zonas de pastoreo ou recolección de forraxe) incluídos dentro dos tipos de hábitats de interese comunitario, así como os usos de rega destinados á xestión, recuperación ou restauración de espazos naturais protexidos, aqueles de marcado carácter social e económico, e que non supoñan graves impactos ambientais, así como aqueles que usen tecnoloxías eficientes con respecto ao consumo de auga e á redución de substancias contaminantes.



c) Nos usos industriais para produción de enerxía eléctrica darase prioridade aos de natureza renovable, tales como proxectos de repotenciación e mellora das instalacións hidroeléctricas en funcionamento e centrais reversibles.

d) No caso dos outros usos industriais, preferiranse os que comporten menor consumo de auga por emprego xerado e menor impacto ambiental.

e) Con carácter xeral, dentro de cada clase, e con igualdade das anteriores condicións, darase prioridade:

1º) Ás actuacións que se orienten cara a unha política de aforro de auga, de mellora da calidade dos recursos e de recuperación dos valores ambientais, e aquelas que impliquen unha menor presión e impacto sobre as masas de auga.

2º) Á explotación conxunta e coordinada de todos os recursos dispoñibles, incluíndo augas residuais depuradas.

3º) Aos proxectos de carácter comunitario e cooperativo, fronte a iniciativas individuais.

4º) Ás peticións de uso no sistema de explotación onde se xere o recurso sobre aquelas que o utilizan noutros ámbitos, sen prexuízo do disposto noutros artigos deste plan hidrolóxico.

Artigo 9. *Uso eficiente da auga*

1. En concordancia co disposto no artigo 50.4 do texto refundido da Lei de augas, con carácter xeral, prohíbese toda utilización da auga que implique un uso ineficiente dela.

2. Con este obxectivo, a Administración hidráulica de Galicia promoverá campañas de concienciación social, coa finalidade de evitar o uso abusivo da auga e de fomentar sistemas máis eficientes que permitan o aforro de auga. Así mesmo, estableceranse medidas contra o uso abusivo da auga para rega e promoverase a modernización dos sistemas de rega, impulsando a instalación de sistemas eficientes que permitan o aforro de auga.

Artigo 10. *Asignación de recursos aos aproveitamentos actuais e futuros*

De conformidade co artigo 91 do Regulamento do dominio público hidráulico, determínase a asignación de recursos e os caudais que se adscriben aos aproveitamentos actuais



e futuros, que figuran relacionados no apéndice 6 do presente documento, conforme a clasificación de usos establecidos no artigo 8 desta normativa.

Artigo 11. *Dotacións*

1. No apéndice 7 do presente documento relaciónanse as dotacións máximas de auga que se terán en consideración nos expedientes de concesións e autorizacións que se tramiten, sen prexuízo de que, naqueles supostos excepcionais en que se xustifique adecuadamente a necesidade dunha dotación de auga superior á establecida no presente artigo, a Administración hidráulica de Galicia poida aceptar outra.

Nestes supostos excepcionais, as concesións que se outorguen poderán condicionarse á implantación de medidas de aforro e eficiencia destinadas a que, no menor prazo posible, as dotacións concedidas sexan equivalentes ás máximas establecidas.

En todos os casos, as dotacións recollidas considéranse máximas, dado que un dos obxectivos do plan hidrolóxico é reducir as dotacións necesarias, co fin de optimizar o uso dos recursos hídricos. Por iso, sempre que se considere procedente, na tramitación dos expedientes correspondentes poderase requirir unha xustificación pormenorizada das dotacións consideradas.

2. Nos expedientes de concesións de auga para abastecemento a poboacións enténdese como dotación o cociente entre o volume diario demandado e a suma do número de habitantes rexistrados no padrón municipal, máis os crecementos de poboación xustificadas, máis o número de habitantes estacionais que, de ser o caso, se estime.

Cando se consideren no seu conxunto todos os usos de auga que se poidan abastecer da rede municipal, como son o uso doméstico, uso industrial e comercial, uso municipal e gandaría e regadío de pouco consumo de auga, utilizaranse as dotacións máximas recollidas no apéndice 7 do presente documento.

Nos expedientes de concesións que inclúan a existencia de habitantes estacionais, permitirase a aplicación das taxas de variación da poboación que publique o Instituto Galego de Estatística. No caso de que se considere unha poboación estacional distinta da que resultaría da aplicación destas taxas de variación, xuntarase unha declaración responsable en que se xustifiquen os habitantes estacionais efectivamente recollidos. Para os efectos da determinación dos caudais concesionais, aplicarase un tempo máximo de uso da auga



por esa poboación estacional de catro meses ao ano, salvo que se xustifique outro de forma adecuada.

Cando se consideren novos crecementos de poboación, xustificaranse baseándose nos plans de desenvolvemento urbano ou nos métodos de estimación da evolución da poboación que se recollan nas instrucións técnicas da Administración hidráulica de Galicia.

3. Nos expedientes de concesións de auga para regadío, as dotacións establecidas no apéndice 7 do presente documento terán a consideración de dotacións netas de auga en parcela. Así, para basear o volume de auga solicitada nas táboas dese apéndice, deberase realizar o cociente entre as dotacións que alí figuran e o coeficiente de eficiencia media en parcela. Este coeficiente pode variar segundo o sistema de rega que se empregue e o valor que se propoña deberá estar xustificado.

4. Calquera instrumento de planificación territorial ou urbanística cuxo ámbito espacial estea comprendido dentro da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa que, en aplicación da lexislación vixente, deba ser sometido a informe de Augas de Galicia e comporte novas demandas de recursos hídricos incluírá, entre o seu contido, a seguinte información:

a) Estimación do caudal preciso para atender as necesidades da proposta, tendo en conta as dotacións establecidas no apéndice 7 desta normativa.

b) Indicación do título concesional que ampara o caudal estimado.

c) Comprobación da suficiencia do caudal outorgado no título concesional para atender a nova demanda.

Artigo 12. *Reserva de recursos*

1. De conformidade cos artigos 43.1 do texto refundido da Lei de augas, 92.1 do Regulamento do dominio público hidráulico e 20 do Regulamento da planificación hidrolóxica, resérvanse a favor da Administración hidráulica de Galicia as reservas de auga sinaladas no apéndice 6.2, que son parte das asignacións establecidas no artigo 10, en previsión das demandas que corresponde atender para alcanzar os obxectivos da planificación hidrolóxica.

2. No citado apéndice 6.2 indícanse as reservas que quedan establecidas en cada sistema de explotación. Para tales efectos, teranse en conta os criterios básicos e condicións xerais establecidos no propio plan.



CAPÍTULO III**Réxime de caudais ecolóxicos e outras demandas ambientais***Sección 1ª. Definicións e criterios xerais***Artigo 13. Definición de caudal ecolóxico mínimo, máximo, xerador e taxa de cambio**

1. Enténdese por caudal ecolóxico mínimo, o caudal mínimo que debe ser superado con obxecto de manter a diversidade espacial do hábitat e a súa conectividade, asegurando os mecanismos de control de hábitat sobre as comunidades biolóxicas, de forma que se favoreza o mantemento das comunidades autóctonas.

2. Enténdese por caudal ecolóxico máximo o caudal máximo que non debe de ser superado na xestión ordinaria das infraestruturas, co fin de limitar os caudais circulantes e protexer así as especies autóctonas máis vulnerables a estes caudais, especialmente nos tramos fortemente regulados.

3. Enténdese por caudal ecolóxico xerador o caudal que regula a estrutura xeomorfolóxica dos leitos evitando o seu progresivo estreitamento e colonización. Estes caudais establécense naqueles tramos augas abaixo de importantes infraestruturas de regulación.

4. Enténdese por taxa de cambio a máxima diferenza de caudal entre dous valores sucesivos dunha serie hidrolóxica por unidade de tempo, tanto para as condicións de ascenso como de descenso de caudal. As taxas de cambio exíxiranse na xestión ordinaria das infraestruturas hidráulicas que teñan capacidade de regulación.

Artigo 14. Réxime de caudais ecolóxicos e condicións xerais

1. O réxime de caudais ecolóxicos vén definido no apéndice 8, tanto para as condicións ordinarias das masas de auga da categoría río como en condicións de seca.

2. Este réxime non ten o carácter de uso e deberase considerar como unha restrición que se impón con carácter xeral aos sistemas de explotación, que debe ser respectada por todos os aproveitamentos de auga.

3. Serán de aplicación aos caudais ecolóxicos incluídos neste plan hidrolóxico as previsións recollidas tanto no artigo 59.7 do texto refundido da Lei de augas como nos artigos 49.ter e seguintes do Regulamento do dominio público hidráulico.



4. O réxime de caudais ecolóxicos previsto no presente plan hidrolóxico será de aplicación directa e inmediata.

Sección 2ª. Establecemento do réxime de caudais ecolóxicos

Artigo 15. *Determinación dos caudais ecolóxicos mínimos*

1. No caso dos caudais ecolóxicos mínimos para o extremo de augas abaixo de cada masa de auga, establécese un réxime de caudais formado por un valor de caudal para cada mes, que non será inferior ao valor mínimo establecido no apéndice 8.1 para os puntos finais de masa.

2. Nos casos en que o punto para o que se desexe determinar o réxime de caudais ecolóxicos non sexa coincidente co extremo de augas abaixo dunha masa de auga, para os cales existe un intervalo mensual de caudais mínimos admisibles establecidos, para o cálculo dos caudais ecolóxicos mínimos en calquera punto da rede hidrográfica da demarcación aplicarase a seguinte fórmula:

$$Q(x) = \frac{Q(ab) \times (S(x) - S(ar))}{S(ab) - S(ar)} - \frac{Q(ar) \times (S(x) - S(ab))}{S(ab) - S(ar)}$$

Onde:

$Q(x)$ = caudal mínimo do punto que se vai calcular.

$S(x)$ = superficie de bacía vertente ao punto que se vai calcular.

$Q(ar)$ = caudal mínimo do punto inicial da masa de auga.

$Q(ab)$ = caudal mínimo do punto final da masa de auga.

$S(ar)$ = superficie de bacía vertente ao punto inicial da masa de auga.

$S(ab)$ = superficie de bacía vertente ao punto final da masa de auga.

No caso de que no punto inicial da masa de auga conflúa máis dunha masa de auga, débese ter en conta a suma do caudal e das áreas vertentes de todas as masas de auga que vertan nese punto.



3. Nos leitos que, pola súa dimensión reducida, non foron designados como masas de auga e que non se encontran conectados con ningunha masa de auga da categoría río, en especial pequenos leitos que verten ao mar ou ás augas de transición, o cálculo do caudal mínimo ecolóxico realizarase por proporcionalidade de bacías vertentes tomando como referencia a masa de auga asociada, que pode ser consultada na capa bacías do sistema de información IDE-DHGC.

4. Nos mananciais ou nos lugares en que as augas superficiais dos leitos poidan sumirse parcial ou totalmente no terreo, e naqueles en que o cumprimento dos obxectivos definidos nos artigos 92 e 92.bis do texto refundido da Lei de augas poida verse comprometido en función das previsibles afeccións ao medio natural, o caudal mínimo ecolóxico será definido mediante estudos específicos, e non será de aplicación o procedemento descrito nos números precedentes. Os mencionados estudos específicos deberán definir os caudais mínimos ecolóxicos na totalidade do tramo de leito que o mesmo estudo determine como afectado.

Artigo 16. *Caudais mínimos ecolóxicos en zonas protexidas*

Na tramitación de novas concesións e autorizacións ou na modificación das existentes nas masas de auga da categoría río e de transición incluídas no Rexistro de Zonas Protexidas, Augas de Galicia poderalle exixir ao peticionario que presente unha avaliación dos efectos da actividade sobre a zona protexida, que inclúa unha proposta de réxime de caudais ecolóxicos, non inferior ao establecido nos apéndices 8.1 e 8.2, definido mediante estudos específicos. O devandito réxime de caudais debe asegurar o cumprimento dos obxectivos ambientais definidos no apéndice 10, así como das normas de protección que resulten aplicables á zona protexida.

Artigo 17. *Consideracións respecto a caudais máximos, caudais xeradores e taxas de cambio*

1. No apéndice 8.3 fíxanse os réximes de caudais máximos ecolóxicos para algunhas masas de auga da categoría río con importantes estruturas de regulación. Estes caudais implantaranse naqueles puntos en que sexa necesario para a protección ou mellora do estado ou potencial ecolóxico das masas de auga afectadas.

2. Os caudais desencorados, para manter o réxime de caudais ecolóxicos deberán ofrecer unhas condicións de calidade e, en especial, de oxixenación, que non poñan en ris-



co os obxectivos ambientais da masa de auga superficial situada inmediatamente augas abaixo da presa que os libera.

3. No apéndice 8.3 recóllense as taxas de cambio para as infraestruturas de regulación.

4. Dadas as especiais características hidrolóxicas das bacías de Galicia-Costa e da capacidade dos encoros, cunha renovación en xeral anual, considérase que de forma ordinaria se producen os caudais xeradores no ano hidrolóxico. En caso de apreciarse un progresivo estreitamento ou colonización do leito, por non producirse estes caudais xeradores en tres anos hidrolóxicos consecutivos, Augas de Galicia poderalle solicitar ao explotador do encoro a adopción das medidas necesarias para evitar a deterioración das masas de auga. Estes caudais veñen recollidos no apéndice 8.3.

5. Para masas de auga declaradas moi alteradas hidrolóxicamente, cando se comprobese que a diferenza entre o réxime de caudais reais e o de caudais ecolóxicos mínimos determinado neste plan hidrolóxico é moi significativa, poderase, de forma debidamente xustificada, fixar un réxime de caudais ecolóxicos mínimos distinto. Nestes casos, na determinación do novo réxime aplicarase a metodoloxía sinalada no anexo IV do plan hidrolóxico. As masas de auga declaradas moi alteradas hidrolóxicamente son as incluídas no apéndice 8.4.

Artigo 18. *Caudais ecolóxicos en condicións de seca*

No apéndice 8.2 recóllese o réxime de caudais ecolóxicos aplicable en condicións de seca, e queda a súa aplicación condicionada ao establecido no artigo 26 da Lei 9/2019, do 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento en episodios de seca e en situacións de risco sanitario e no Plan de seca da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa.

Sección 3ª. Control e cumprimento do réxime de caudais ecolóxicos

Artigo 19. *Cumprimento do réxime de caudais ecolóxicos*

Entenderase que se produce o incumprimento do réxime de caudais ecolóxicos establecido no presente plan hidrolóxico cando se dea algún dos seguintes supostos:

a) Se nalgún momento os caudais mínimos foron inferiores ao 50 % do valor establecido nos termos que resulte exixible de conformidade co previsto no artigo 14.1.



b) Se durante máis de 72 horas, ao longo dun mes, se incumpren os caudais mínimos, máximos ou de desencorado, establecidos como compoñentes do réxime de caudais ecolóxicos en, polo menos, un 20 % do seu valor.

c) Se, durante unha semana en máis de seis episodios instantáneos, se incumpren as condicións máximas ou mínimas establecidas en, polo menos, un 20 % do seu valor.

d) Se as taxas máximas de cambio se incumpren en máis de tres ocasións nun mes en, polo menos, un 20 % do seu valor.

e) En ningún caso se admitirá que de forma sistemática ou prolongada no tempo os caudais ecolóxicos circulantes estean dentro das marxes de redución indicadas nas letras b), c) e d).

Artigo 20. *Control do réxime de caudais ecolóxicos*

Augas de Galicia poderá designar puntos de control e realizar campañas de medición específicas, ou establecer outros procedementos de verificación, coa finalidade de comprobar o cumprimento do réxime de caudais ecolóxicos asociado ás distintas concesións outorgadas.

Artigo 21. *Seguimento do réxime de caudais ecolóxicos*

1. Augas de Galicia realizará un seguimento do réxime de caudais ecolóxicos e da súa relación cos ecosistemas, co obxecto de coñecer o grao de cumprimento dos obxectivos ambientais previstos e introducir, cando se considere necesario, eventuais modificacións do réxime definido.

2. Os resultados deste seguimento recolleranse nos traballos desenvolvidos nos informes anuais de seguimento do Plan hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa, en cumprimento do artigo 13 do Decreto 1/2015, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da planificación en materia de augas de Galicia e se regulan determinadas cuestións en desenvolvemento da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.

3. O seguimento do cumprimento do réxime de caudais ecolóxicos realizarase nos puntos de control da rede oficial de estacións de medición da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa, excluindo aquelas seccións irregulares que non garantan medicións suficientemente precisas.



CAPÍTULO IV**Zonas protexidas e réxime de protección aplicable****Artigo 22. *Reservas hidrolóxicas***

1. En concordancia co disposto nos artigos 244.bis e 244.ter do Regulamento do dominio público hidráulico, désígnanse como reserva hidrolóxica os ríos, tramos de río, lagos, acuíferos, masas de auga ou partes de masas de auga que figuran relacionados no apéndice 9 do presente documento.

2. O réxime de protección aplicable nestas reservas hidrolóxicas será o establecido no artigo 244.quáter do Regulamento do dominio público hidráulico, coas particularidades establecidas neste artigo.

3. Nas reservas hidrolóxicas non se outorgarán novas concesións sobre o dominio público hidráulico. Queda exceptuado desta limitación o aproveitamento das augas para abastecemento urbano cando non existan outras alternativas viables de subministración; nese caso, atenderase para cada situación específica á súa debida xustificación e ao resultado da análise da repercusión ambiental que puideren ocasionar.

4. Na zona de policía das masas de auga que conforman estas reservas hidrolóxicas, só serán autorizables, agás casos debidamente xustificados, plantacións de cultivos arbóreos das especies de frondosas do anexo I da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

Artigo 23. *Protección de concesións de auga subterránea*

1. Nas solicitudes de concesión de captación de augas para abastecemento humano poderáselle exixir ao peticionario unha proposta de perímetro de protección, xustificada mediante un estudo técnico adecuado, que conterá, polo menos, os aspectos previstos no artigo 173.8 do Regulamento do dominio público hidráulico.

2. Na tramitación de concesións e autorizacións dentro destes perímetros, Augas de Galicia poderalle exixir ao peticionario a presentación dunha avaliación dos efectos da actividade sobre a captación protexida, en particular sobre a calidade e caudal das augas, garantindo o cumprimento do Real decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano. Nestas tramitacións daráselle audiencia aos concesionarios que poidan resultar afectados.



3. Nos vinte primeiros metros dunha captación subterránea, con carácter xeral, prohíbense as seguintes actividades:

a) Instalacións para o almacenamento, transporte, tratamento e evacuación de calquera tipo de augas residuais, hidrocarburos líquidos ou gasosos, produtos químicos e residuos sólidos.

b) Almacenamento de produtos fitosanitarios e fertilizantes minerais, de xurros, esterqueiras, áreas de compostaxe e silos.

c) Depósitos de distribución de calquera tipo de fertilizante (orgánico ou mineral) e produtos fitosanitarios.

d) Áreas de exercicio de calquera tipo de gando.

e) Plantacións de cultivos arbóreos de eucaliptos, piñeiros e chopos.

4. Para os efectos deste punto, enténdese por:

a) Fertilizantes orgánicos tipo xurros: as dexeccións líquidas e outros fertilizantes producidos polo gando cunha porcentaxe de materia sólida inferior ao 12 %.

b) Produtos fitosanitarios perigosos para o medio acuático: os definidos como produtos fitosanitarios no artigo 2 do Regulamento (CE) nº 1107/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro, relativo á comercialización de produtos fitosanitarios, excepto os non clasificados como perigosos para o medio acuático con base no Regulamento sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de preparados perigosos, aprobado mediante o Real decreto 255/2003, do 28 de febreiro, ou con base no Regulamento (CE) nº 1272/2008, do 16 de decembro, sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas, e os que non conteñan substancias perigosas prioritarias recollidas no Regulamento da planificación hidrolóxica.

Con respecto aos fertilizantes orgánicos tipo xurros e os produtos fitosanitarios perigosos para o medio acuático, na falta doutra proposta xustificada cun estudo técnico axeitado,



respectaranse, como mínimo, as seguintes distancias de protección na contorna próxima de captacións de auga preexistentes, que deberán quedar libres de aplicación:

	Distancia mínima a captacións de auga preexistentes	
	Uso para abastecemento humano	Outros usos distintos ao abastecemento humano
Aplicacións de fertilizantes orgánicos tipo xurros	35 m	10 m
Aplicación de produtos fitosanitarios perigosos para o medio acuático	50 m	20 m

Artigo 24. *Zonas de protección especial*

1. De acordo co previsto no artigo 7.3 do Decreto 1/2015, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da planificación en materia de augas de Galicia e se regulan determinadas cuestións en desenvolvemento da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, inclúense como zonas de protección especial na Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa as zonas que se recollen no apéndice 11 do presente documento.

2. Estas zonas de protección especial clasifícanse nos seguintes grupos:

a) Tramos de interese natural.

b) Tramos de interese ambiental.

c) Tramos de interese piscícola.

d) Zonas húmidas.

e) Tramos que requiren protección especial debido á existencia de especies ameazadas.

3. Con carácter xeral, nestas zonas darase cumprimento ás seguintes condicións específicas para a súa protección:

a) Con respecto aos tramos de interese natural e aos tramos de interese ambiental:

– Arbitraranse as medidas de control e seguimento necesarias para manter a calidade natural das augas, tanto dos cursos fluviais como dos sistemas subterráneos conectados a eles.



– En xeral, evítaranse todas aquelas intervencións sobre o leito que poidan alterar a morfoloxía fluvial e os ecosistemas acuáticos asociados ou os ecosistemas terrestres dependentes.

– Nos tramos de interese natural, con carácter xeral, non se permitirán derivacións ou canalizacións, salvo as necesarias para o uso de abastecemento ou para o mantemento dos ecosistemas no seu estado natural. Non se permitirán actuacións que poidan supor unha obra transversal no leito.

b) Nos tramos de interese piscícola, observarase o disposto con carácter xeral nesta normativa, na lexislación en materia de augas e na demais normativa específica que resulte de aplicación.

c) Nas zonas húmidas, con carácter xeral, teranse en conta as seguintes consideracións:

– Dentro do seu ámbito de competencias, a Administración hidráulica de Galicia impulsará a delimitación e, de ser o caso, a incorporación ao dominio público hidráulico destas zonas, adoptando as medidas necesarias para garantir o seu correcto funcionamento hidrolóxico, preservando as fluctuacións do seu nivel natural, asegurando a calidade natural das augas superficiais e subterráneas que abastecen estas zonas, e limitando ou controlando todas as verteduras directas e indirectas que lles poidan afectar.

– Nos expedientes de autorización de obras ou actividades que tramite a Administración hidráulica de Galicia, cando se poidan ver afectadas as dispoñibilidades hídricas destas zonas ou a morfoloxía das súas cubetas e bacías, requirirase a avaliación previa da incidencia sobre os ecosistemas acuáticos asociados ou ecosistemas terrestres dependentes.

d) Con carácter xeral, para os tramos que requiren protección especial debido á existencia de especies ameazadas, evítaranse todas aquelas intervencións sobre o leito que poidan alterar as condicións do hábitat das especies incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas.

4. As actuacións que teñan como obxectivo a protección eficaz dos recursos hídricos destas zonas de protección especial serán coordinadas pola Administración hidráulica de Galicia e a Administración ambiental competente.



Os programas de protección, conservación, restauración ou investigación que se desenvolvan nestas zonas identificarán e definirán as súas prioridades atendendo aos criterios dispostos con carácter xeral nas normas empregadas para a valoración do estado das masas de auga.

5. Estas zonas revisaranse e actualizaranse conforme o artigo 25.2. Unha vez revisadas e actualizadas, as condicións específicas de protección recollidas no número 3 do presente artigo tamén serán de aplicación nelas.

Artigo 25. *Rexistro de zonas protexidas*

1. Conforme o disposto nos artigos 43.2 e 99.bis do texto refundido da Lei de augas, no artigo 24 do Regulamento da planificación hidrolóxica e no artigo 7 do Regulamento da planificación en materia de augas de Galicia, no anexo VI do plan hidrolóxico recóllese o rexistro de zonas protexidas da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa, así como o inventario de zonas protexidas que deberá figurar no devandito rexistro, xunto coa súa caracterización e representación cartográfica, o cal se pode consultar na Infraestrutura de datos espaciais da demarcación definida no artigo 2 desta normativa.

2. De acordo co artigo 25 do Regulamento da planificación hidrolóxica e co artigo 7.5 do Regulamento da planificación en materia de augas de Galicia, o Rexistro de Zonas Protexidas da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa actualizarase coa incorporación de novas zonas que sexan obxecto de protección especial polas administracións competentes.

CAPÍTULO V

Obxectivos ambientais e modificación das masas de auga

Artigo 26. *Obxectivos ambientais das masas de auga*

Para os efectos do sinalado nos artigos 35, 36 e 37 do Regulamento da planificación hidrolóxica, no apéndice 10 do presente documento defínense os obxectivos ambientais para acadar nas masas de auga da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa e os prazos previstos para a súa consecución.



Artigo 27. *Condicións para admitir a deterioración temporal do estado das masas de auga*

1. En relación co disposto no artigo 38.1 do Regulamento da planificación hidrolóxica, consideraranse causas naturais ou de forza maior en que pode admitirse a deterioración temporal do estado dunha ou varias masas de auga as seguintes:

a) Graves inundacións. Entenderase por graves inundacións aquelas asociadas a un período de retorno mínimo de 100 anos.

b) Situacións excepcionais por seca, declaradas nos termos previstos na Lei 9/2019, do 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento en episodios de seca e en situacións de risco sanitario, e no Plan de seca da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa.

c) Accidentes non previstos razoablemente, tales como verteduras accidentais ocasionais, fallos en sistemas de almacenamento de residuos, incendios en industrias e accidentes no transporte. Así mesmo, consideraranse as circunstancias derivadas de incendios forestais e as sinaladas no artigo 259 ter.4 do Regulamento do dominio público hidráulico.

d) Calquera outra causa natural ou de forza maior diferente das anteriores, sempre que se xustifique adecuadamente a súa excepcionalidade ou que non puidesen preverse razoablemente.

2. Para admitir a deterioración sinalada no número anterior, deberán cumprirse as condicións sinaladas no artigo 38.2 do Regulamento da planificación hidrolóxica.

3. Os causantes da deterioración temporal do estado das masas de auga estarán obrigados a describir e xustificar esa deterioración temporal e a adoptar as medidas necesarias tanto para a súa reparación como para previr que a devandita deterioración se poida volver producir no futuro.

4. Augas de Galicia levará un rexistro das deterioracións temporais que teñan lugar durante o período de vixencia do plan hidrolóxico.

Artigo 28. *Modificacións ou alteracións das masas de auga*

1. As condicións para admitir novas modificacións das características físicas dunha masa de auga superficial ou alteracións de nivel dunha masa de auga subterránea rexeran-



se polos preceptos recollidos no artigo 39, 39.bis e 39.ter do Regulamento da planificación hidrolóxica. Ademais, de ser o caso, as condicións para realizar actuacións que supoñan a modificación física das masas de auga serán as establecidas na disposición adicional única do Regulamento da planificación hidrolóxica.

A Administración hidráulica de Galicia, no ámbito da xestión do dominio público hidráulico, poderá impor as medidas de mitigación e compensatorias que considere necesarias, que deberán ser asumidas polo promotor da actuación. En calquera caso, o promotor asumirá calquera responsabilidade que derive da execución da actuación.

2. Nos informes de seguimento a que se refire o artigo 79 destas disposicións normativas e nas revisións do plan hidrolóxico comprobaranse os efectos destas actuacións sobre o estado das masas de auga. Nos casos en que as medidas de mitigación ou compensatorias non resulten suficientes ou efectivas, a Administración hidráulica de Galicia poderá realizar á súa revisión.

CAPÍTULO VI

Medidas de protección relativas ás condicións morfolóxicas das masas de auga

Artigo 29. Medidas relativas ás actuacións de conservación fluvial

1. Coa condición de que non supoña un risco para as poboacións, Augas de Galicia orientará os traballos de conservación de leitos ao mantemento das súas condicións naturais, á recuperación da súa funcionalidade xeomorfolóxica e á eliminación de especies invasoras.

2. Considéranse tramos fluviais urbanos aqueles que discorren por zonas de asentamento de poboación ou de actividades económicas, dispostas en trama urbana, onde predominen edificacións e infraestruturas sobre os espazos rurais ou naturais.

Fóra dos tramos fluviais urbanos, evítanse as actuacións de dragaxe ou de retirada de vexetación.

3. As actuacións de conservación fluvial que realice Augas de Galicia que estean destinadas a facilitar a evacuación, reducir os impactos das enchentes e inundacións ou a eliminar obstáculos que poidan supor cambios locais no réxime hidráulico son consideradas actuacións de mínima intervención sen incidencias no medio, polo que unicamente se realizará unha comunicación previa aos organismos competentes.



Artigo 30. Medidas relativas a garantir a continuidade do leito

1. Con carácter xeral, non poderán imporse límites á continuidade lonxitudinal e á conectividade lateral dos leitos, cando iso supoña a deterioración do estado da masa de auga implicada.

2. Calquera obra ou actividade que se desenvolva no dominio público hidráulico evitará a ruptura da continuidade do leito.

3. En concordancia co artigo 126.bis do Regulamento do dominio público hidráulico, calquera obra que se realice sobre o leito deberá respectar a súa franqueabilidade, tanto en ascenso como en descenso, pola ictiofauna autóctona presente no tramo afectado ou pola que potencialmente corresponde que o pobo. Para ese efecto, as citadas obras e instalacións contarán cos correspondentes dispositivos de paso polos cales deberá circular un caudal de auga e sedimentos axeitado ao propósito perseguido.

No caso de infraestruturas ou instalacións cuxa altura ou outra limitación faga que resulte tecnicamente inviable a adopción de dispositivos de remonte efectivos, como poden ser escalas, ascensores, esclusas ou outros similares, deberá preverse a construción de capturadoiros que permitan o remonte das especies, dotados de vehículos adaptados. O dispositivo deberá obter o informe favorable do organismo competente en materia de pesca fluvial da Comunidade Autónoma.

A franqueabilidade das novas infraestruturas incorporárase nos condicionados das novas concesións, así como nas que sexan revisadas ou modificadas.

As actuacións sinaladas neste número correrán a cargo do titular da infraestrutura, con independencia de que o custo da adecuación se lles poida repercutir aos beneficiarios da infraestrutura na forma que regulamentariamente corresponda.

4. Con carácter xeral, a continuidade lateral entre o leito e a zona de inundación, fóra de tramos urbanos, deberá ser respectada. En consecuencia, evítanse defensas sobreelevadas (camallóns) que illen a canle da súa chaira de inundación sen contar cunha adecuada análise das afeccións que a actuación poida producir tanto hidrolóxicamente como ao ecosistema. Augas de Galicia poderá analizar coas debidas garantías de seguridade para persoas e bens a viabilidade de eliminar, recuar ou suavizar os camallóns e demais defensas sobreelevadas existentes que limiten a mobilidade natural do leito. Con todo, si serán autorizables as defensas de predios para evitar erosións e desprendementos de



propiedades privadas, sempre que non supoñan a sobreelevación do terreo. As mencionadas defensas non deberán comportar a alteración da dinámica fluvial, e deberase recorrer preferiblemente a técnicas de bioenxeñaría para a súa realización.

5. En canles de máis de 500 m de lonxitude deberanse habilitar pasos para as persoas, o gando e a fauna silvestre.

Artigo 31. *Medidas relativas a presas e encoros*

1. Con carácter xeral, toda variación do caudal do curso fluvial motivada por calquera tipo de manobra nas presas ou infraestruturas de regulación existentes deberá facerse de forma paulatina.

2. Co obxecto de facilitar as migracións periódicas dos peixes ao longo dos cursos fluviais, todas as presas, diques ou canles de nova construción deberán dispor de sistemas axeitados para o remonte da fauna piscícola.

3. Nas presas de nova construción, garantirase que as tomas estean dispostas a cota variable, para poder adecuar a calidade e a temperatura das augas que se incorporen ao río augas abaixo da presa.

Nos expedientes de autorización destas instalacións poderase exixir a realización de estudos sobre o posible grao de eutrofia no futuro encoro, de acordo coa súa localización e coas características do proxecto, co obxecto de poder identificar as súas causas e orixe e poder impor medidas para reducir o seu efecto.

Artigo 32. *Medidas relativas ao transporte de sedimentos*

1. O outorgamento de novas autorizacións ou concesións de obras transversais ao leito garantizará en todo momento o paso do caudal sólido, agás que se xustifique a súa imposibilidade durante os episodios de seca. O transporte de material sólido, mediante suspensión, saltación ou rodamento recoñécese como parte integrante do caudal natural dos ríos, esencial para a súa evolución e desenvolvemento morfolóxico.

2. As normas de explotación dos aproveitamentos deberán prever a descarga periódica de sedimentos, garantindo o cumprimento dos obxectivos ambientais e normas de calidade ambiental augas abaixo deles.



3. Para o caso de novos aproveitamentos, os órganos de desaugamento deberán permitir o fluxo de sedimentos. En caso contrario deberá aplicarse calquera outra solución técnica que permita o citado fluxo.

Artigo 33. *Medidas relativas a novas plantacións e cortas*

1. Na zona de servidume prohibese a realización de novas plantacións, agás cando teñan como finalidade a restauración ambiental e se utilicen variedades locais de especies autóctonas propias da zona de ribeira, en patróns de plantación irregulares. Deberán quedar conectadas funcionalmente co leito e deberán incluír a inhibición do crecemento de especies non propias da zona de ribeira.

2. Con carácter xeral, nos tramos fluviais catalogados como rede hidrográfica básica, nas franxas de 10 metros anexas ás zonas de servidume só se permitiran plantacións de cultivos arbóreos das especies de frondosas incluídas no anexo I da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

3. Non será necesaria autorización de Augas de Galicia para realizar plantacións, sementeiras ou traballos silvícolas de mantemento, tales como rozas, podas, entresacas ou selección de gromos, na zona de policía de leitos, fóra da zona de servidume, coa condición de que non supoñan un obstáculo para a corrente en réxime de enchentes ou poidan ser causa de degradación ou deterioración do estado das masas de auga, do ecosistema acuático ou, en xeral, do dominio público hidráulico, en concordancia co artigo 9.1 do Regulamento do dominio público hidráulico, sen prexuízo da aplicación da lexislación ambiental e da obtención doutras autorizacións, no caso de seren preceptivas, segundo o especificado nos artigos 92 e 92.bis da citada Lei 7/2012.

En todo caso, respectarase o condicionado establecido na Orde do 25 de marzo de 2020, conxunta da Consellería do Medio Rural, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, pola que se aproban os pregos de condicións aos cales deberán suxeitarse os aproveitamentos madeireiros das especies recollidas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, do 9 de abril, en terreos suxeitos a algún réxime de protección ou afectados pola lexislación de protección do dominio público.

4. Non se permitirá ningún tipo de explotación forestal na zona de servidume. Calquera corta asociada a unha explotación existente deberá contar cunha proposta de restauración ambiental que, como mínimo, inclúa un compromiso, por parte do titular dos terreos, de



utilizar variedades locais de especies autóctonas propias da zona de ribeira, en patróns de plantación irregulares. Deberán quedar conectadas funcionalmente co leito e incluír a inhibición de especies non propias da zona de ribeira.

5. Con carácter xeral, e co fin de evitar a erosión das marxes, na zona de servidume non se permitirá cortar nin arrincar os tocos de árbores abatidas que estean en condicións de bo estado fitosanitario, agás cando sexa preciso por motivos de restauración ambiental.

6. A vexetación resultante despois dunha corta debe quedar conectada funcionalmente co leito, é dicir, debe manter as funcións de acompañamento como refuxio para a fauna e flora da zona, de hábitat axeitado para as especies de peixes e de alimentación e sombra de especies asociadas ao ecosistema fluvial.

7. Nos casos de cortas sen autorización ou de incumprimento das condicións da autorización de Augas de Galicia, esta poderá exixir a reposición ao seu estado natural.

Artigo 34. *Medidas relativas a labores agrícolas*

1. Con carácter xeral, na zona de servidume non se permitirá a realización de labores agrícolas que impliquen unha deterioración do ecosistema fluvial.

Para estes efectos, considérase que implica unha deterioración do ecosistema fluvial a aplicación de fertilizantes ou de produtos fitosanitarios, a realización de labra mecanizada e aquelas actuacións que supoñan unha alteración da morfoloxía da devandita zona de servidume, como pastos e segas.

2. Non obstante o indicado no número anterior, permitiranse nesta zona labores superficiais de mantemento, labores coa finalidade de evitar a proliferación de pragas, matogueira e enfermidades que poidan constituír un risco para os cultivos adxacentes. En todo caso, manterase a vexetación de ribeira e non será afectada a conectividade lateral dos leitos.

Artigo 35. *Medidas relativas a instalacións eléctricas*

1. As solicitudes de autorización de novas liñas eléctricas deberán especificar expresamente a distancia a que sobrevoan a vexetación de ribeira e xustificar que o mantemento das liñas non suporá sacrificar esta vexetación.

2. Respecto ás liñas eléctricas existentes, as empresas subministradoras de electricidade deberán presentar semestralmente ante Augas de Galicia unha declaración respon-



sable co plan de traballo das zonas onde van efectuar mantemento, e deberase priorizar a poda, compensada en porte e altura, e a eliminación selectiva de especies de crecemento rápido, coa finalidade de protexer a vexetación de ribeira.

3. Queda prohibida calquera actuación en zonas de valgada que non sexa necesaria pola distancia existente entre a vexetación de ribeira e as liñas eléctricas.

Artigo 36. *Medidas relativas a especies exóticas invasoras*

1. Nos expedientes de autorización de obras ou actividades que tramite Augas de Galicia, cando estas actuacións se vaian executar en zonas próximas aos sistemas acuáticos, poderanse impor medidas específicas de prevención para evitar a entrada ou expansión de especies exóticas invasoras.

2. Cando se detecte a presenza de especies exóticas invasoras que poidan ter afección sobre o estado das masas de auga, Augas de Galicia, en coordinación coa consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural, adoptará medidas para evitar a súa propagación e conseguir a súa erradicación.

3. No caso de que se leven a cabo transvasamentos ou transferencias de auga entre bacías, deberán establecerse os mecanismos de control necesarios para evitar a dispersión das especies exóticas invasoras.

Artigo 37. *Medidas relativas ao seguimento e control de cianobacterias*

A Administración hidráulica de Galicia, en colaboración coa consellería competente en materia de ambiente e coa consellería competente en materia de sanidade, efectuarán un programa de seguimento e control de cianobacterias nos encoros destinados a abastecemento humano, situados dentro da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa. Os resultados deste programa poranse ao dispor do público a través de medios electrónicos.

CAPÍTULO VII

Medidas de protección relativas á utilización do dominio público hidráulico

Artigo 38. *Distancias de protección entre aproveitamentos*

1. Con carácter xeral, a distancia entre un novo aproveitamento outorgado mediante uso privativo por disposición legal e outro aproveitamento preexistente legalizado, outorgado mediante uso privativo por disposición legal ou mediante concesión, non poderá ser inferior a 20 m.



Considerarase cumprida a distancia prevista neste número se a captación para o uso privativo por disposición legal se atopa situada a máis de vinte metros dos límites do predio en que se localiza, sempre que non existan outras captacións legalizadas no citado predio.

2. Con carácter xeral, a distancia entre un novo aproveitamento de auga outorgada mediante concesión e outro aproveitamento preexistente legalizado, outorgado mediante uso privativo por disposición legal ou mediante concesión, non poderá ser inferior a 100 m.

En captacións de escasa importancia esta distancia poderá reducirse ata 20 m, agás que Augas de Galicia considere que se debe cumprir outra, dependendo da situación da captación e das peculiaridades da zona onde esta se sitúa.

3. Para os efectos do disposto neste artigo, considéranse captacións de escasa importancia aquelas que cumpran as seguintes condicións:

- Volume máximo anual extraído inferior a 7.000 m³.
- Caudal instantáneo inferior a 1 l/s.

Artigo 39. *Medidas relativas ás masas de auga superficial*

1. Conforme o disposto nos artigos 59 do texto refundido da Lei de augas e 93 e sucesivos do Regulamento do dominio público hidráulico, para as novas concesións o proxecto ou anteprojecto que acompañe a solicitude de concesión xustificará adecuadamente a avaliación das necesidades hídricas, adecuándose aos valores establecidos neste plan hidrolóxico sobre dotacións e cálculo de demandas e especificando non só o volume anual derivado e o caudal máximo, senón tamén o réxime de derivación.

2. Os límites cuantitativos establecidos nos artigos 128 e 130 do Regulamento do dominio público hidráulico entenderanse referidos ao caudal medio de derivación no mes de máximo consumo.

3. Todos os sistemas de almacenamento de xurros e de silos deberán estar impermeabilizados, natural ou artificialmente, de maneira que eviten o risco de filtración e a contaminación das augas superficiais e subterráneas, asegurando que se impidan perdas por desbordamento, filtración ou por inestabilidade xeotécnica, e garantindo o seu correcto funcionamento durante toda a vida útil da súa estrutura, prevendo as oportunas accións de conservación e mantemento. Ademais, os sistemas de almacenamento de xurros deberán dispor dunha cuberta axeitada que impida a incorporación a eles de augas pluviais.



Cando estes sistemas de almacenamento de xurros se vaian instalar na zona de policía deberán presentar ante Augas de Galicia un estudo de estabilidade xeotécnica.

4. Na zona de servidume non se poderán instalar sistemas de almacenamento de xurros ou de silos, nin se poderá proceder á aplicación de fertilizantes orgánicos tipo xurros, lodos de depuradora e produtos fitosanitarios perigosos para o medio acuático. Logo de autorización de Augas de Galicia, poderase permitir a aplicación puntual de produtos fitosanitarios cando teñan por obxecto o control de especies invasoras.

5. Respecto á aplicación de tecnosolos, a prohibición estenderase a toda a zona de policía.

Artigo 40. *Medidas relativas ás masas de auga subterránea*

1. De acordo co establecido no artigo 186.1 do Regulamento do dominio público hidráulico e para os efectos do estipulado no artigo 130 deste, consideraranse concesións de augas subterráneas de escasa importancia os aproveitamentos para usos domésticos ata 50 persoas, para rega de menos de 4 l/s de caudal e para outros destinos diferentes aos anteriores de menos de 2 l/s de caudal, entendendo os devanditos caudais como medios equivalentes para derivar no mes de máximo consumo.

2. En relación co establecido no artigo 184.4 do Regulamento do dominio público hidráulico, para determinar a posible afección de novos aproveitamentos de augas subterráneas a captacións anteriormente legalizadas, Augas de Galicia poderalle exixir ao petionario que achegue un informe hidroxeolóxico xustificativo das posibles afeccións, baseado en datos obtidos da execución de ensaios de bombeo ou de medicións realizados nas novas captacións.

3. Para os efectos do mantemento do réxime de caudais ecolóxicos, poderáselles exixir aos novos aproveitamentos de augas subterráneas que estean próximos a ríos ou mananciais un informe xustificativo das posibles afeccións a eles, que deberá cumprir cos mesmos requirimentos técnicos establecidos no punto anterior.

4. Sen prexuízo da aplicación, de ser o caso, do establecido en relación coa caducidade concesional no artigo 53 do texto refundido da Lei de augas, a Administración hidráulica de Galicia velará, mediante as correspondentes ordes de execución dirixidas ao seu titular e ditadas logo de audiencia a el, por que os pozos que se abandonen ou estean en desuso sexan selados de forma tal que se evite a deterioración das masas de auga subterránea.



5. O abandono dunha captación de auga subterránea asociada a unha concesión ou a unha autorización requirirá autorización de Augas de Galicia, independentemente do procedemento de extinción do título que, de ser o caso, corresponda. Para tramitar a autorización indicada, o titular do aproveitamento deberá presentar unha memoria que describa o procedemento que se seguirá e que abordará, polo menos, os seguintes aspectos:

- a) Identificación inequívoca da captación que se pretende abandonar, con indicación da súa localización sobre mapa catastral e ortofotografía aérea a escala 1:5.000.
- b) Procedemento de extracción do equipamento de bombeo e a tubaxe do pozo.
- c) Procedemento de enchido da perforación e características do material inerte e de baixa permeabilidade que se vai utilizar.

Augas de Galicia, á vista da información achegada, autorizará o abandono da captación cando se evidencie que a acción prevista dá lugar á selaxe con material inerte da perforación, de tal forma que non quede alterado o fluxo subterráneo na contorna dela e se realice a retirada de todos os materiais, eléctricos e mecánicos, para a súa entrega a un xestor de residuos autorizado para a súa reutilización ou reciclaxe.

Cando Augas de Galicia detecte que se produciu algún incumprimento significativo na forma ou no prazo das condicións autorizadas para o abandono e selaxe da captación, ou se carece da citada autorización e quedase a mencionada captación en desuso, poderá iniciar un procedemento sancionador que incorporará a valoración dos danos causados, en especial ao dominio público hidráulico.

Augas de Galicia poderá, de forma subsidiaria, e logo de requirimento ao titular, levar a cabo a selaxe da captación e repercutiralle os custos das devanditas actuacións.

6. Os pozos, tanto das concesións como dos usos privativos por disposición legal, deberán estar debidamente tapados para protexer as persoas e os animais de caídas accidentais e para preservar a auga da contaminación. Esta obriga recae sobre a súa persoa titular e resulta aplicable independentemente de que o pozo estea ou non en uso. Neste último suposto será obrigatoria a súa selaxe definitiva.

7. Nos usos privativos de máis de 3.000 m³/ano, Augas de Galicia poderá exixir que a profundidade de perforacións estea avalada por estudos hidroxeolóxicos que xustifiquen a necesidade das devanditas profundidades. En canto á profundidade de instalación da



bomba, como norma xeral, aconséllase que esta non exceda os 2/3 da columna de auga nos acuíferos cativos (confinados) e de 1/3 en caso de acuíferos libres.

Artigo 41. *Limitacións aos prazos concesionais*

1. A prórroga de ata 10 anos do prazo concesional, regulada no artigo 59.6 do texto refundido da Lei de augas, respectará, en todo caso, o límite máximo de 75 anos establecido no artigo 59.4 da devandita norma legal e o artigo 93.3 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

2. En todo caso, as concesións estarán suxeitas ás exigencias que, para garantir un adecuado uso e conservación do recurso, se establezan nos sucesivos plans hidrolóxicos ou nas súas actualizacións.

3. Cando parte das infraestruturas inherentes a unha concesión sexa unha gran presa ou pequena presa de categoría A ou B, o outorgamento dunha prórroga do prazo da concesión ou calquera outra modificación desta estará condicionada a que se adapten as infraestruturas existentes aos requisitos da normativa de seguridade de presas.

4. Ao extinguirse o dereito concesional, cando así se requira, reverterán á Administración hidráulica de Galicia, gratuitamente e libres de cargas e en condicións de funcionamento, a totalidade das obras e instalacións que, segundo o establecido no título concesional ou nas súas modificacións, constitúan o aproveitamento, tanto as obras construídas dentro do dominio público hidráulico para a explotación do aproveitamento como as restantes obras e instalacións electromecánicas da central, co obxecto de garantir a reversión en condicións de explotación.

Artigo 42. *Criterios para a avaliación de concesións para rega*

1. Nos proxectos para a concesión dos aproveitamentos para rega, Augas de Galicia poderá exixir, cando o considere oportuno, un estudo sobre a rede de drenaxe e a relación auga/solo, así como as boas prácticas que se deberán implementar para limitar a contaminación difusa por nutrientes e exportación de sales, especialmente nas zonas que puidesen ser declaradas como vulnerables, en función do establecido no Real decreto 47/2022, do 18 de xaneiro, sobre protección das augas contra a contaminación difusa producida polos nitratos procedentes de fontes agrarias.



2. No caso de nova concesión, ou modificación da existente, para unha comunidade de regantes será obrigatorio que a correspondente comunidade aprobe nas súas ordenanzas e regulamentos medidas de control de consumos de auga por parte dos comuneiros, con penalizacións por excesos de consumos.

3. Daráselle prioridade a aquelas concesións que fomenten un aforro no uso da auga e que implementen tecnoloxías de uso eficiente do recurso.

Artigo 43. *Criterios para a avaliación de concesións para aproveitamentos hidroeléctricos*

1. En ningún caso serán obxecto de outorgamento aquelas solicitudes de novas concesións para aproveitamentos hidroeléctricos que supoñan a implantación de novos obstáculos transversais no leito dunha masa de auga superficial ou calquera outro elemento que comprometa, a xuízo da Administración hidráulica de Galicia, o mantemento da continuidade lonxitudinal fluvial.

Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, serán obxecto de valoración aquelas solicitudes de modificación de concesións hidroeléctricas vixentes que impliquen a repotenciación ou modernización e mellora das infraestruturas xa existentes.

2. Iniciarase expediente de extinción por caducidade dos títulos concesionais relativos a aproveitamentos hidroeléctricos daquelas concesións outorgadas que non fosen construídos e cuxos titulares non fixesen uso do dereito transitorio disposto no Real decreto 1332/2012, do 14 de setembro, polo que se aproba o Plan hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa.

3. As propostas de repotenciación ou modernización e mellora das infraestruturas existentes non deberán producir alteración da capacidade de almacenamento actual do vaso e incorporarán medidas tendentes a minimizar a afección ambiental. Así mesmo, o seu outorgamento estará condicionado a que adapten as infraestruturas existentes aos requisitos para presas novas da normativa de seguridade de presas.

4. Con carácter xeral, e sen prexuízo do establecido no punto primeiro deste artigo, non será obxecto de autorización o incremento do prazo de vixencia daquelas concesións que se encontren nas seguintes localizacións:

a) Nunha reserva hidrolóxica.



b) En tramos de interese natural.

c) En tramos de interese piscícola de Galicia-Costa.

d) En zonas húmidas.

5. Poderán renovarse aquelas concesións vixentes, calquera que fose o seu destino, que pretendan un aproveitamento hidroeléctrico para autoconsumo, sen que a potencia nominal dos equipos electromecánicos para instalar supere os 300 kW.

En todo caso, cando a concesión implique a presenza dun obstáculo transversal no leito fluvial, esta será obxecto de revisión co fin de garantir, en todo momento, a súa franqueabilidade polas especies de peixes, o transporte de sedimentos e o réxime hidrolóxico establecido neste plan.

6. Na tramitación do desenvolvemento dun novo aproveitamento hidroeléctrico exixirase unha análise das características e funcionamento da actuación proposta, da posible alteración do patrón natural de caudais circulantes e da súa afección sobre o leito fluvial ou as súas ribeiras, de modo que, como mínimo, sexa posible valorar a súa influencia sobre:

a) A composición e abundancia de fauna bentónica de invertebrados, a composición e abundancia de flora acuática e a composición, abundancia e estrutura de idades de fauna ictiolóxica.

b) O réxime hidrolóxico, analizando a posible alteración dos caudais, tanto líquidos como sólidos, a hidrodinámica do fluxo das augas e as posibles afeccións sobre a conexión coas masas de auga subterránea.

c) A continuidade fluvial, estudando o posible efecto barreira producido pola infraestrutura proxectada, tanto para os distintos grupos de especies de peixes como para as migracións en ascenso e descenso, así como o posible efecto acumulativo con outras actuacións existentes na masa de auga.

d) As condicións morfolóxicas, analizando, como mínimo, os seguintes aspectos:

1º) A posible variación da profundidade e anchura do río, da morfoloxía en planta, dos remansos existentes ou do equilibrio erosivo-sedimentario, que poida producir acumulacións excesivas ou descalzamento das marxes.



2º) As afeccións que, de ser o caso, se poidan producir sobre a estrutura e substrato do leito, de modo que se altere a clasificación e mobilidade dos sedimentos, as formas e depósitos no leito ou o tipo de estrutura lonxitudinal.

3º) As posibles variacións na zona de ribeira, tales como alteracións da conectividade da vexetación ou da súa naturalidade.

A viabilidade destas actuacións quedará condicionada a que as súas posibles afeccións sexan compatibles co cumprimento dos obxectivos ambientais establecidos para a masa de auga en que se localizan, prestando particular atención ao principio de non deterioración, así como os establecidos para as masas de auga relacionadas que puideren verse afectadas.

Para realizar a xustificación anterior terase en conta o establecido nos artigos 39, 39.bis e 39.ter do Real decreto 907/2007, do 6 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da planificación hidrolóxica, así como os procedementos de caracterización e valoración do estado das masas de auga, de acordo co establecido no Real decreto 817/2015, do 11 de setembro, polo que se establecen os criterios de seguimento e avaliación do estado das augas superficiais e as normas de calidade ambiental, no presente plan hidrolóxico e naquéloutros que por razón da materia sexan desenvolvidos polos organismos competentes.

Artigo 44. *Criterios para a avaliación de concesións para acuicultura e outros*

1. Na avaliación de concesións para piscifactorías, examínanse as necesidades de acordo co número de renovacións diarias da auga das balsas necesarias. Na falta de xustificación en contra, a auga necesaria determinarase do seguinte modo:

- Incubación: 30 renovacións/día.
- Alevinaxe: 20 renovacións/día.
- Engorda: 15 renovacións/día.

2. Na avaliación de concesións para loita contra incendios, terase en conta o volume necesario para a enchedura das balsas ou depósitos e o seu uso, e limitarase a derivación posterior soamente para a súa reposición por perdas ou pola existencia de incidentes.



3. Na avaliación de concesións para muíños, o caudal máximo que se vai outorgar establecerase mediante a seguinte expresión:

$$Q = (300 \times D^2) / H$$

Q= caudal en litros/segundo.

D= diámetro en metros da moa maior do xogo molar.

H= altura do salto en metros.

Na solicitude, a fin de avaliar a dispoñibilidade do recurso, deberá indicarse cales son as quendas de moenda, as características da represa ou obra de toma, tipo de muíño e canle de desaugadoiro, salto útil, etc., ademais de calquera documentación necesaria para o correcto exame da petición. Poderase solicitar o uso con fins etnográficos.

Artigo 45. *Criterios para a avaliación de aproveitamentos mineiros*

Con carácter xeral, na zona de policía non se autorizarán instalacións de residuos mineiros. Excepcionalmente, fóra da zona inundable, poderán autorizarse sempre que quede garantida a estabilidade e a non afección ao dominio público hidráulico.

Artigo 46. *Criterios para a avaliación de aproveitamentos hidráulicos para a refrixeración de centrais térmicas*

1. Como condicións xerais dun aproveitamento hidráulico para a refrixeración dunha central térmica destinada a ser conectada á rede eléctrica nacional, establécense as seguintes:

– A central de que se trate deberá adaptarse ao Plan enerxético nacional.

– Con base nos estudos específicos de achegas, deberá asegurarse unha garantía de subministración do 100 % no punto de toma, aínda que non se prevén inconvenientes neste sentido en ningún punto do ámbito territorial do plan hidrolóxico.

– Xustificaranse, en cada caso, os volumes perdidos por evaporación.

Priorizarase a central térmica de ciclo combinado, ou centrais con tipo de refrixeración en circuíto pechado, e non se permitirán centrais térmicas con tipo de refrixeración en cir-



cuíto aberto. Segundo o tipo de central térmica, as condicións xerais axustaranse tamén aos establecidos para os demais aproveitamentos consuntivos.

2. Criterios de avaliación: para a avaliación dos aproveitamentos hidráulicos para refrigeración de centrais térmicas, ademais de considerar criterios técnicos, económicos, sociais e de demanda e oportunidade, teranse en conta a súa incidencia e compatibilidade con outros usos dentro do subsistema, así como a súa incidencia no medio social e a súa afección ao ambiente.

3. Condicionantes para a súa execución: o preceptivo proxecto de concesión, ademais de xustificar o caudal e desnivel solicitados e definir as instalacións con claridade e detalle suficiente, incluírá o cálculo das elevacións de temperatura que se prevén no encoro ou leito de vertedura e a xustificación dos caudais mínimos que permanecerán no río augas abaixo do punto de toma. Exixirase, con carácter previo, a avaliación ambiental correspondente e o control de calidade previsto para garantir a calidade do efluente.

Sen prexuízo dos estudos anteriores citados con carácter xeral, Augas de Galicia poderá requirirlle ao solicitante ampliacións ou aclaracións destes, e mesmo novos estudos e documentos de análises que se consideren necesarios.

Artigo 47. Criterios para a avaliación de aproveitamentos enerxéticos de forza motriz

1. Como condición xeral dun aproveitamento hidráulico de forza motriz, estudarase a consideración da súa incidencia e compatibilidade con outros usos dentro do subsistema e co aproveitamento integral do tramo, así como a súa incidencia no medio social e a súa afección ao ambiente.

2. Criterios de avaliación: para a avaliación dos aproveitamentos hidráulicos de forza motriz, ademais de considerar criterios técnicos, económicos, sociais e de demanda e oportunidade, teranse en conta as súas vantaxes e inconvenientes en relación con outras alternativas, en especial a da súa conexión á rede eléctrica.

No caso de que se trate dunha instalación con regulación, considerarase, á parte da capacidade de regulación e de laminación de enchentes posibles, o réxime de modulación e demodulación de caudais, tendo en conta as afeccións por estes conceptos a outros aproveitamentos de augas abaixo e ao ambiente.

CVE-DOG: s4ypqmu7-8047-mii9-cey2-5ixuirixfc28



3. Condicionantes para a súa execución: o preceptivo proxecto de concesión deberá xustificar o caudal e o desnivel solicitados, definir as instalacións con claridade e detalle suficiente e xustificar os caudais mínimos que permanecerán no río augas abaixo do punto de toma. Exixirase, así mesmo, con carácter previo a avaliación ambiental correspondente.

Ademais dos estudos anteriores citados, Augas de Galicia poderalle solicitar ao petionario ampliacións deles e mesmo novos estudos e documentos de análises que se consideren necesarios.

4. Os expedientes relativos á modificación de concesións para aproveitamentos enerxéticos de forza motriz, cuxo obxecto sexa a adaptación para un aproveitamento de autoconsumo de caudal medio igual ou inferior a 5 l/s, tramitaranse conforme o disposto no artigo 130 do Regulamento do dominio público hidráulico.

Artigo 48. *Criterios para a avaliación de instalacións xeotérmicas*

1. Os aproveitamentos xeotérmicos que se pretendan instalar para a produción de calor ou frío, ben sexa mediante sistemas pechados que requiran unha perforación vertical maior de 20 m ou mediante sistemas abertos con dobre perforación, requirirán, sen menoscabo do resto de tramitacións administrativas que deban respectar e desenvolver, autorización expresa de Augas de Galicia, onde se acrediten as condicións das instalacións e o seu seguimento para garantir a protección dos acuíferos.

2. Establécense as seguintes recomendacións xerais para as instalacións xeotérmicas abertas, ben entendido que a adopción doutras solucións, que en principio non son aconsellables, requirirá a súa xustificación adicional.

a) A auga utilizada deberá ser inxectada no mesmo acuífero do cal se extraeu.

b) No caso de que a instalación se realice onde existan acuíferos superpostos, aproveitarase unicamente o superior.

c) Este tipo de aproveitamentos queda prohibido en perímetros de protección establecidos para abastecemento urbano e en acuíferos con mal estado químico.

Artigo 49. *Criterios para a avaliación de infraestruturas de abastecemento e saneamento*

1. Para a autorización de novas redes de subministración fóra de núcleos urbanos ou rurais deberanse ter en consideración os criterios de planificación territorial, de planificación



hidrolóxica e as previsións establecidas no Plan de abastecemento de Galicia e no Plan de saneamento de Galicia.

2. Con carácter xeral, o abastecemento para actividades que se desenvolvan en solo rústico realizarase a través de medios propios. Nos casos en que xa exista unha rede de abastecemento nas proximidades, poderase servir dela, sempre que non se comprometa o abastecemento das vivendas preexistentes. En calquera caso, este abastecemento estará suxeito ás autorizacións previas que exixa a normativa existente.

3. Para a execución de novos desenvolvementos residenciais, industriais ou comerciais, dotacionais, ou explotacións agroforestais ou mineiras, deberase garantir o abastecemento de auga e o saneamento de augas residuais e a xestión das augas pluviais, aspecto que deberá ser xustificado polo promotor a través dos informes ou certificados establecidos pola Administración competente. En calquera caso, priorizaranse aquelas localizacións en que se poidan aproveitar redes existentes fronte ás que implican a construción de novas redes.

4. Cando pola natureza do novo desenvolvemento as augas de escoamento pluvial sexan susceptibles de alterar os obxectivos ambientais da masa de auga receptora, o promotor analizará a mellor opción, tendo en conta o seguinte:

a) Se se implementa unha rede unitaria, terá que adaptar a rede aos criterios de deseño reflectidos nas instrucións técnicas de obras hidráulicas de Galicia e o conxunto do sistema de saneamento terá que ter capacidade para asumir esas augas sen modificar os obxectivos ambientais do medio receptor a que se verte.

b) Se se implementa unha rede separadora cun tratamento adecuado da auga pluvial susceptible de xerar contaminación, terá que garantir o cumprimento dos obxectivos ambientais no medio receptor. Ademais, deberá introducir técnicas de drenaxe urbana sustentable.

5. As canalizacións e infraestruturas hidráulicas enterradas proxectaranse, agás en zonas puntuais en que non exista unha solución tecnicamente viable, fóra da zona de servidume do dominio público hidráulico. Con carácter xeral, as infraestruturas hidráulicas e os pozos de rexistro de redes de augas residuais deberán localizarse fóra dos tres primeiros metros da citada zona de servidume.



Cando os pozos de rexistro das canalizacións de redes de saneamento de augas residuais de redes unitarias ou separadoras se sitúen na zona de fluxo preferente, deberá quedar garantida a súa estanquidade.

Artigo 50. *Medidas de xestión de aproveitamentos hidráulicos*

1. Os titulares das presas situadas no ámbito do plan hidrolóxico deben facilitar a Augas de Galicia os datos relativos á explotación, conservación e seguridade das presas.

2. Os titulares destas presas facilitaranlle a Augas de Galicia os datos relativos á explotación da presa con frecuencia diaria (nivel do encoro, volume encorado, caudal de entrada e de saída) e, cando así lles sexa requirido, tamén con frecuencia horaria, co fin de poder analizar a xestión do aproveitamento de forma exhaustiva.

3. Así mesmo, os titulares redactarán un informe anual en que se recollerán os resultados das inspeccións realizadas e da auscultación, identificarán as deficiencias observadas e proporán as accións de corrección oportunas. Este informe será enviado polo titular a Augas de Galicia, que, no exercicio das súas funcións de vixilancia e inspección, realizará as observacións e propostas que considere pertinentes.

4. Os titulares das presas situadas no ámbito do plan hidrolóxico deberán permitir o acceso dos representantes de Augas de Galicia a todas as instalacións, cando fose necesario para o exercicio das funcións de vixilancia e inspección.

5. Augas de Galicia poderá condicionar a explotación dos encoros cando se considere que poida perigar a seguridade da presa, as persoas e bens situados augas abaixo ou se poidan provocar alteracións na calidade da auga.

Neste último caso terase en conta que as ditas alteracións da calidade poidan:

- Ameazar a subministración a usos prioritarios, en particular, o abastecemento a poboacións.
- Provocar danos á fauna e flora, en particular ás poboacións de peixes e especies protexidas.
- Provocar un empeoramento do estado da masa de auga ou o cumprimento dos obxectivos ambientais.



Artigo 51. Medidas relativas á navegación

1. As normas específicas para navegar en augas da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa serán as que se aproben mediante resolución da Dirección de Augas de Galicia e estean publicadas no seu portal web (actualmente <https://augasdegalicia.xunta.gal>, accesible tamén desde o sitio web <https://www.xunta.gal>).

2. Consideraranse medios complementarios do baño:

a) As táboas de windsurf e pádel-surf, os patos ou float tube e as embarcacións de fabricación caseira usadas en probas puntuais supervisadas por unha organización. Este tipo de dispositivos soamente se poderá utilizar nas masas de auga onde non estea prohibido o baño.

b) As embarcacións propulsadas a remo con eslora inferior a 2,5 metros.

Os medios complementarios do baño quedan suxeitos ao réxime de usos comúns do dominio público hidráulico, polo que non precisarán da presentación de declaración responsable.

3. O apéndice 12 recolle a clasificación dos encoros da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa en función das actividades de navegación permitidas. Ademais, hai que ter en conta as seguintes consideracións:

a) Prohíbese a navegación, así como a flotación con medios distintos aos complementarios de baño, en encoros en que o uso principal sexa o abastecemento, salvo naqueles en que expresamente se indique o contrario.

b) Exímense das limitacións impostas á navegación as actividades de salvamento, de protección civil e de defensa, e os traballos relacionados coa inspección ou obras nas infraestruturas dos encoros ou con actividades de conservación fluvial ou de control da calidade das augas que promova Augas de Galicia, así como a navegación a motor con fins de auxilio e apoio no exercicio do deporte náutico.

c) Poderanse admitir outro tipo de excepcións para actividades autorizadas mediante resolución administrativa de Augas de Galicia.



4. A navegación nos ríos debe cumprir os seguintes requisitos:

- a) Con carácter xeral prohíbese a navegación a motor.
- b) Exímense actividades de salvamento, protección civil e defensa.
- c) Poderanse admitir outro tipo de excepcións para actividades autorizadas mediante resolución administrativa de Augas de Galicia.

5. Prohíbese a navegación nas seguintes zonas:

- a) Nos encoros, nunha franxa de 200 m medidos desde o bordo da presa, dos órganos de desaugamento ou de elementos de amarre.
- b) Nos encoros, cando así o decida Augas de Galicia por motivos debidamente xustificados.
- c) Nas zonas protexidas designadas conforme os puntos 6.2.1, 6.2.2, 6.2.9, 6.2.10 do capítulo 6 da Memoria do plan hidrolóxico de Galicia-Costa.
- d) Nas restantes zonas protexidas respectarase, en todo caso, o establecido nas normas que as regulan.
- e) A menos de 20 m da beira, nas zonas incluídas no Censo de zonas de augas de baño vixente da Consellería de Sanidade.

6. Prohíbese fondear e utilizar elementos de balizamento sen autorización.

7. Todas as embarcacións e medios complementarios do baño que pretendan ser utilizados nas augas da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa deben cumprir antes e despois da súa utilización o correspondente Protocolo de desinfección de embarcacións e medios complementarios de baño, formado por un conxunto de medidas preventivas e de desinfección, que deben realizarse antes de exercer a navegación ou flotación.

Se se detecta a presenza de calquera especie exótica invasora, deberase pór en coñecemento inmediato de Augas de Galicia, do órgano competente en materia de conservación do patrimonio natural e do Seprona.



Os organizadores de calquera proba ou evento deberán preparar unha instalación adecuada para a desinfección de embarcacións e asegurarse de que todas as embarcacións participantes cumpran o referido protocolo de desinfección.

As autorizacións para o uso de embarcadores e instalacións deportivas no dominio público hidráulico estarán condicionadas á existencia de instalacións adecuadas para que as embarcacións usuarias poidan recibir o tratamento de desinfección.

8. Quedará prohibida a navegación naquelas masas de auga en que os parámetros de calidade das augas así o aconsellen. Debido á variabilidade temporal de determinados parámetros de calidade das augas, os declarantes comprométense a consultar previamente ao exercicio da navegación a existencia de avisos nas diferentes masas de auga de Galicia-Costa.

Artigo 52. *Medidas relativas ás actividades de aventura*

1. A práctica de actividades de turismo de aventura que se desenvolvan no medio acuático no ámbito territorial da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa realizarase nas condicións máis adecuadas para facelas compatibles coa seguridade das persoas e a protección do ambiente.

2. Permítese a práctica de actividades de aventura, nas seguintes condicións:

a) Se a actividade non comporta obras no dominio público hidráulico ou nas súas zonas de protección, e non supón flotación e navegación, a actividade considerarase baño e, polo tanto, un uso común xeral non sometido a autorización, nin concesión, agás que pola súa especial intensidade poida afectar a utilización do dominio público hidráulico por terceiros. Os medios complementarios do baño deben cumprir o Protocolo de desinfección de medios de navegación, flotación ou complementarios do baño nas augas de Galicia-Costa.

b) Se a actividade non comporta obras no dominio público hidráulico ou nas súas zonas de protección, pero se realiza mediante un instrumento que se poida considerar navegación ou flotación, deberá presentarse a oportuna declaración responsable de navegación prevista no punto anterior.

c) Se a actividade comporta a realización de obras fixas ou temporais no dominio público hidráulico ou nas súas zonas de protección, terase que solicitar e obter a oportuna autorización ou concesión administrativa.



d) Se a actividade, pola súa especial intensidade, pode afectar a utilización do dominio público hidráulico por terceiros, deberase obter autorización ou concesión administrativa.

3. Augas de Galicia poderá establecer ríos ou tramos de ríos en que non se permita a práctica destas actividades.

CAPÍTULO VIII

Medidas de protección relativas ao estado das masas de auga

Artigo 53. *Das verteduras*

Na falta de disposición de carácter xeral aplicable, durante a vixencia do presente plan hidrolóxico establécense en relación coa xestión das verteduras da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa os criterios dos artigos 54 a 60, ambos os dous inclusive, co fin de acadar os obxectivos ambientais recollidos neste plan hidrolóxico.

Artigo 54. *Autorizacións de vertedura*

1. Será preceptivo o informe da Área de Calidade das Augas de Augas de Galicia nas autorizacións de vertedura seguintes:

a) Estacións depuradoras de augas residuais con capacidade igual ou maior ca 2.000 habitantes equivalentes.

b) Verteduras de instalacións industriais cunha carga contaminante superior a 2.000 habitantes equivalentes.

c) Verteduras de instalacións sometidas á normativa de prevención e control integrados da contaminación.

d) As verteduras de proxectos sometidos á normativa de avaliación de impacto ambiental.

e) Naqueles casos en que se entenda necesario, por razón das características do medio receptor ou da especial configuración do efluente.

2. Naqueles casos en que se considere necesario, por razón das características do medio receptor ou da especial configuración do efluente, Augas de Galicia poderá impor ás verteduras a dominio público hidráulico a obriga da súa regulación e que esta regulación se faga antes do proceso de depuración.



3. Así mesmo, naquelas masas de auga en que a consecución do bo estado ecolóxico ou químico se vexa comprometida polas verteduras, Augas de Galicia poderá requirir aos titulares das autorizacións de vertedura nesa masa a implantación ou adopción de medidas adicionais de redución da contaminación e, de ser o caso, denegar novas autorizacións de vertedura na masa afectada e nas masas augas arriba que se determinen. Tamén se poderá requirir a constitución de comunidades de verteduras de acordo cos artigos 90 do texto refundido da Lei de augas e 253.3 do Regulamento do dominio público hidráulico.

4. En ningún caso o cumprimento dos valores límite de emisión establecidos na autorización de vertedura a dominio público hidráulico correspondente poderá alcanzarse mediante técnicas de dilución, independentemente da natureza da vertedura.

5. Con carácter xeral, evítanse verteduras a leitos naturais que non fosen considerados como masa de auga, salvo que se xustifique, técnica, ambiental, social e economicamente, que son a mellor solución posible e que se apliquen no seu tratamento as mellores técnicas dispoñibles.

Nestes leitos, na tramitación da autorización de vertedura correspondente a augas residuais urbanas asociadas a aglomeracións superiores a 250 habitantes equivalentes e inferiores a 1.000 habitantes equivalentes, entenderanse como mellores técnicas aquelas que permitan alcanzar os valores fixados pola Directiva de augas residuais urbanas para aglomeracións maiores que 2.000 habitantes equivalentes que vertan a augas doces en zona normal.

Os requisitos establecidos no plan de vixilancia ambiental asociado ás autorizacións destas verteduras permitirán verificar que non se pon en risco o incumprimento dos obxectivos de calidade aplicables á masa de auga coa cal conflúa.

6. A autorización de vertedura aos leitos a que se refire o número 5 realizarase tendo en conta o cumprimento das normas de emisión e de calidade ambiental aplicables ás masas de auga con que conflúan.

7. As novas autorizacións de vertedura a masas de auga da categoría río e lago, ou as modificacións das vixentes, correspondentes a aglomeracións urbanas de máis de 2.000 habitantes equivalentes, incluírán limitacións aos parámetros microbiolóxicos, tendo en conta as características das masas ás cales se verte.



Artigo 55. *Verteduras procedentes de zonas urbanas*

1. De conformidade co disposto na disposición adicional décimo segunda da Lei 9/2010, as verteduras de augas residuais urbanas cuxa depuración conste na programación de actuacións de saneamento da Administración hidráulica de Galicia quedan autorizadas nas condicións actuais ata que entren en servizo as actuacións previstas neste plan hidrolóxico.

Nese momento, e logo de audiencia das entidades que deban encargarse da súa explotación e mantemento, ditaranse as condicións concretas da autorización, que se aterán ás especificacións e límites previstos no proxecto conforme o cal se executaron aquelas actuacións, e en todo caso conterán límites respecto dos parámetros contaminantes máis significativos, para os efectos da autorización de vertedura e dos plans de vixilancia ambiental que se establezan e de acordo co exixido na normativa vixente.

Mentres non dite Augas de Galicia as condicións en que teñan que realizarse as mencionadas verteduras, deberanse respectar os valores límite de emisión previstos no anexo I do Real decreto 509/1996, do 15 de marzo, de desenvolvemento do Real decreto lei 11/1995, do 28 de decembro, polo que se establecen as normas aplicables ao tratamento das augas residuais urbanas e, de ser o caso, os previstos no anexo III da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.

2. Cando a masa de auga se encontre en risco de non acadar os obxectivos ambientais, Augas de Galicia poderá exixir que se instalen nas redes de saneamento municipal instrumentos de cuantificación do caudal de augas residuais que discorre por elas.

As autorizacións de vertedura incorporarán medidas para o control do desbordamento de augas de escoamento conforme o disposto na disposición transitoria terceira do Regulamento do dominio público hidráulico.

3. Augas de Galicia poderá exixir nos sistemas de saneamento separador a instalación de sistemas de tratamento axeitados para as augas de escoamento pluvial cando se prevea que estas poden presentar niveis de contaminación significativos para comprometer os obxectivos ambientais establecidos no presente plan hidrolóxico.

4. Cando como consecuencia do fallo dunha estación depuradora de augas residuais, ou en supostos de operacións de reparación ou conservación, sexan previsibles danos importantes no medio receptor a xuízo de Augas de Galicia, poderase impor, sempre que sexa posible, a condición de aumentar o número de liñas de depuración.



5. Os sistemas de saneamento urbanos en que se reciban as augas residuais de industrias que inclúan procesos químicos, biolóxicos ou radioactivos e, cando así o decida Augas de Galicia, as estacións depuradoras disporán de dispositivos que permitan a detección de verteduras accidentais ou descargas de substancias tóxicas ou altamente contaminantes, así como de instalacións que garantan o seu illamento e almacenamento e, de ser o caso, o seu posterior tratamento mediante a súa incorporación gradual e progresiva ás instalacións de depuración, garantindo que estas non se vexan afectadas, e ademais terase en conta o disposto no artigo 259 ter.2.b) do Regulamento do dominio público hidráulico.

6. As verteduras de augas residuais asimilables a urbanas procedentes de núcleos de poboación, vivendas unifamiliares ou industrias, sempre que a poboación sexa menor a 50 habitantes equivalentes, deberán instalar un sistema de depuración que garanta, como mínimo, os seguintes límites ou porcentaxes de redución:

Parámetro (unidades)	Límite	Porcentaxe mínima de redución
DQO	300 (mg/L)	≥ 30 %
DBO ₅	200 (mg/L)	≥ 20 %
Sólidos en suspensión	150 (mg/L)	≥ 50 %
Aceites e graxas	25 (mg/L)	-
Deterxentes	3 (mg/L)	-

Artigo 56. *Verteduras procedentes de zonas industriais*

1. Cando se produza a incorporación á rede de colectores dunha industria, das augas residuais doutra e esa incorporación se realice despois da depuración, requirirase autorización administrativa para cada un dos efluentes, e poderase utilizar unha rede común de evacuación de efluentes depurados.

2. Non se permitirá o alivio de augas de proceso industrial nin de augas cunha concentración das substancias prioritarias e outros contaminantes e das substancias preferentes previstas, respectivamente, nos anexos IV e V do Real decreto 817/2015, do 11 de setembro, superior á establecida nas normas de calidade ambiental. En consecuencia, deberánse recoller e evacuar, de forma independente, as augas pluviais interiores da implantación industrial non susceptibles de contaminarse, dos restantes fluxos de augas residuais da actividade. Por iso se observará o disposto no artigo 259.ter do Regulamento do dominio público hidráulico.



3. Para evitar alivios de augas de proceso industrial, poderáselle impor ao titular dunha autorización de vertedura de natureza industrial a obriga da súa regulación, así como a de implantar as instalacións precisas para esta regulación, antes da depuración ou no tratamento primario.

Igualmente, poderá imporse a obriga de instalar un sistema de medida que garanta o rexistro e a comprobación dos caudais vertidos, mediante dispositivos verificables, precintables e non manipulables.

4. Os peticionarios de autorización de verteduras de augas residuais industriais presentarán ante a Administración competente unha memoria sobre as características do proceso industrial, e indicarán claramente aquelas fases deste que orixinen verteduras. Presentarase un esquema das liñas de recollida deles co punto de vertedura final a dominio público hidráulico, a dominio público marítimo-terrestre ou de conexión á rede de colectores xerais. Neste último suposto observarase o disposto no Regulamento marco do servizo público de saneamento e depuración de augas residuais de Galicia, aprobado polo Decreto 141/2012, do 21 de xuño.

5. Exixirase a aplicación das mellores técnicas dispoñibles de acordo co disposto nas decisións comunitarias correspondentes, en particular no que respecta a recirculacións internas que redunden nun uso da auga máis eficiente, diminuindo o volume de vertedura xerada e, cando resulte posible, evitándoo.

6. No caso de industrias localizadas en zonas ou polígonos industriais, asegurase, en todos os casos, a conexión das súas verteduras ás redes da rede de sumidoiros do polígono industrial.

Nos polígonos industriais será obrigatoria a implementación de redes de recollida de augas pluviais. Cando estas augas pluviais entren en contacto con algunha substancia susceptible de contaminalas, deberán ser obxecto de tratamento previo á súa vertedura e, en consecuencia, a devandita vertedura requirirá autorización de vertedura.

Se o efluente se trata nunha planta conxunta da propia zona ou polígono industrial, será necesaria a constitución dunha comunidade de usuarios para a vertedura ou dunha empresa de vertedura, para os efectos de emitir unha única autorización. A comunidade de usuarios será a responsable do control das verteduras á rede interna.



Se non dispón de sistema propio de depuración e o efluente fose tratado nunha planta de augas residuais urbanas, as características do efluente da área industrial deberán adecuarse ás normas establecidas no Decreto 141/2012, do 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento marco do servizo público de saneamento e depuración de augas residuais de Galicia, e, de ser o caso, ás ordenanzas de vertedura, co fin de garantir que non se obstaculice o funcionamento das instalacións de depuración.

Nos informes para emitir en virtude do disposto no artigo 11.2 do Regulamento marco do servizo público de saneamento e depuración de augas residuais de Galicia, aprobado polo Decreto 141/2012, do 21 de xuño, a entidade xestora poderá exixir para incorporar no permiso de vertedura valores límite de emisión, tanto en concentracións máximas horarias como en cargas máximas diarias, así como caudais punta horarios e máximos diarios.

7. As industrias que inclúan procesos químicos, biolóxicos ou radioactivos que sexan capaces de provocar verteduras accidentais de substancias perigosas terán sistemas de seguridade e obstáculos físicos que impidan eventuais verteduras ao medio receptor ou ás redes de saneamento colectivas.

8. Nas estacións depuradoras de augas residuais industriais, en función das características da vertedura, as do leito receptor e os medios adicionais de emerxencia de que dispoñan, Augas de Galicia poderá exixir a instalación de dispositivos que permitan o almacenamento da auga sen tratar que poida orixinarse por paraxes súbitas ou programadas delas.

9. No suposto de verteduras de augas residuais industriais procedentes de instalacións de acuicultura e auxiliares de acuicultura (piscifactorías, cetarias, depuradoras de moluscos, criadeiros, etc.), os valores límite de emisión aplicables á vertedura en relación coa auga de entrada nas instalacións serán os determinados no apéndice 13.1.

10. No suposto de verteduras de augas residuais industriais á ría ou ao mar, procedentes de instalacións de cocedoiros, os valores límite de emisión serán os determinados no apéndice 13.2 e dependerán do valor da dilución inicial (S_m) alcanzada pola condución de vertedura existente.

11. No suposto de verteduras de augas residuais industriais a dominio público hidráulico, os valores límite de emisión aplicables con carácter orientativo serán os determinados no apéndice 13.3, sen prexuízo de que en cada caso concreto se analicen as circunstancias da vertedura particular e da súa afección conxunta con outras verteduras sobre a calidade das masas de auga.



12. No suposto de verteduras de augas residuais industriais a dominio público marítimo-terrestre, os valores límite de emisión aplicables serán os determinados no anexo III da Lei 9/2010 para as verteduras de augas residuais ás rías de Galicia, sen prexuízo de que, para aquelas verteduras que se realicen fóra do ámbito territorial definido no artigo 80.4 da citada lei, Augas de Galicia poida establecer valores límite menos restritivos coa condición de que, con iso, non se incumpran as normas de calidade ambiental do medio litoral.

13. Os valores límite especificados nos números 10, 11 e 12 do presente artigo poderán ser modificados cando sexa necesario para o cumprimento dos obxectivos ambientais.

Artigo 57. *Verteduras procedentes de instalacións de depósito e xestión de residuos sólidos*

1. Cando un vertedoiro controlado de residuos sólidos afecte o dominio público hidráulico, coa petición de autorización que se deberá presentar ante Augas de Galicia xuntarase, necesariamente, un estudo dos efectos ambientais esperados. O contido deste axustarase ao determinado nos números 2 e 3 do artigo 237 do Regulamento do dominio público hidráulico. En calquera caso, observarase o disposto no Real decreto 646/2020, do 7 de xullo, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito no vertedoiro, e demais normativa aplicable.

2. Todo depósito de residuos sólidos ou semisólidos que poida producir a contaminación das augas continentais se realizará en vertedoiros controlados, e disporase dun sistema de desvío de augas pluviais exteriores ao recinto e de recollida de lixiviados que garanta o seu total control e impida a súa filtración no terreo, o que se xustificará co estudo correspondente. De existir vertedura ao dominio público hidráulico ou desde terra ao mar, deberase dispor da preceptiva autorización de vertedura emitida por Augas de Galicia.

3. Os depósitos de residuos sólidos non inertes e daqueles que, sendo inertes, sexan lavables polas augas deberán dispor dun colector de lixiviados. Os efluentes recibirán o tratamento administrativo das verteduras líquidas e deberán estar amparados pola correspondente autorización de vertedura. Agora ben, cando debido ás súas características os lixiviados poidan ter a consideración de residuos líquidos, estes deberán xestionarse conforme a lexislación vixente en materia de residuos, e quedará prohibida a súa vertedura ao dominio público hidráulico.

4. Os efluentes e lixiviados de depósitos de residuos sólidos que conteñan substancias do anexo IV ou V do Real decreto 817/2015, do 11 de setembro, así reguladas na citada



normativa sobre vertedoiros, deberán recollerse de maneira separada do resto, e evitarase en todo momento o seu contacto con augas de choiva e dispor de estritas condicións de impermeabilización dos seus parámetros e de estanquidade no seu sistema de recollida.

Artigo 58. *Verteduras procedentes de instalacións gandeiras*

A aplicación ao solo de dexeccións gandeiras coa finalidade da súa fertilización non terá a consideración de vertedura para os efectos desta normativa, sempre que o titular do terreo fertilizado xustifique que a dita operación se leva a cabo de acordo coas normas ou métodos validados pola consellería competente en materia de medio rural.

Artigo 59. *Verteduras ás augas subterráneas*

1. Queda prohibida a vertedura directa ás augas subterráneas dentro do ámbito territorial deste plan hidrolóxico, sen menoscabo de que se poidan autorizar actuacións de recarga artificial ou aproveitamentos xeotérmicos abertos.

2. Cando Augas de Galicia identifique que parte ou a totalidade dunha masa de auga subterránea se atopa contaminada por verteduras directas, voluntarias ou accidentais poderá desenvolver un plan de actuación dirixido a liquidar o problema identificado, cuxo custo se poderá repercutir sobre os causantes da contaminación.

3. Os valores limiar respecto aos contaminantes que se van utilizar para a valoración do estado químico das masas de auga subterránea da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa calcularanse atendendo ao establecido no artigo 3 do Real decreto 1514/2009, do 2 de outubro, polo que se regula a protección das augas subterráneas contra a contaminación e a deterioración.

Artigo 60. *Seguimento dos efectos do cambio climático nos sistemas fluviais*

1. En consonancia co artigo 19 da Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética, ao longo deste ciclo de planificación Augas de Galicia, en colaboración coa consellería competente en materia de cambio climático, e con base no establecido na Estratexia de cambio climático galega, elaborará un estudo específico de adaptación para os efectos do cambio climático na demarcación, para a súa futura consideración na revisión deste plan hidrolóxico que, polo menos, analice os seguintes aspectos:

a) Escenarios climáticos e hidrolóxicos que recomende na citada estratexia, incorporando a variabilidade espacial e a distribución temporal.



b) Identificación e análise de impactos, nivel de exposición e vulnerabilidade dos ecosistemas terrestres e acuáticos e das actividades socioeconómicas na demarcación.

c) Medidas de adaptación que diminúan a exposición e a vulnerabilidade, así como o seu potencial para adaptarse a novas situacións, no marco dunha avaliación de risco.

2. Augas de Galicia, en colaboración coa consellería competente en materia de cambio climático, porá en marcha un programa específico de seguimento dos efectos do cambio climático sobre os sistemas fluviais, co obxecto de obter información a longo prazo que permita a avaliación e valoración destes efectos na Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa.

3. O devandito programa de seguimento, con carácter xeral, estará localizado en tramos fluviais con escasas presións antrópicas, de modo que se facilite a interpretación dos cambios observados. Ademais, estes tramos estarán situados en lugares representativos das zonas xeográficas máis vulnerables fronte aos efectos derivados do cambio climático, que se determinarán en función dos estudos dispoñibles.

4. O número de estacións de control que haberá que incluír no programa de seguimento definirase en función da diferente vulnerabilidade fronte aos efectos do cambio climático dos tipos de masas de auga continental superficial identificados na Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa, así como en función da variabilidade xeográfica da propia demarcación.

5. Os seguimentos que se deberán realizar consistirán, como mínimo, nun control meteorolóxico (temperatura, precipitación, humidade, radiación solar), hidrolóxico (caudal circulante) e fisicoquímico (temperatura da auga e oxíxeno disolto) que na medida do posible se realizarán a través de toma de datos en continuo con instrumentación específica, así como os parámetros xeomorfolóxicos e biolóxicos que se determinen.

CAPÍTULO IX

Medidas de protección relativas ás inundacións e secas

Sección 1ª. Delimitación e criterios xerais

Artigo 61. Delimitación de zonas inundables

1. En relación coas zonas inundables, distinguírase entre aquelas que están incluídas dentro da zona de policía que define o artigo 6.1 letra b) do texto refundido da Lei de augas daqueloutras zonas inundables situadas fóra da devandita zona de policía.



2. Para a delimitación das zonas inundables, a cartografía de referencia nas áreas de risco potencial significativo de inundación (ARPSI) será a ofrecida no sistema de información IDE-DHGC, definido no artigo 2 desta normativa, e no Sistema nacional de cartografía de zonas inundables.

Artigo 62. *Criterios para determinar os caudais de enchente*

Os caudais de enchente determinaranse a partir de estudos foronómicos ou métodos hidrometeorolóxicos calibrados realizados por técnicos competentes e validados por Augas de Galicia. Poderanse utilizar, no caso de que sexan de aplicación polas súas hipóteses e limitacións, os estudos rexionais ou específicos xa dispoñibles en Augas de Galicia, que estarán accesibles desde o seu portal web.

Sección 2ª. *Medidas enfocadas a diminuír os riscos de inundación*

Artigo 63. *Contido dos instrumentos de planificación de carácter territorial ou urbanístico*

1. Calquera instrumento de planificación de carácter territorial ou urbanístico que, en aplicación da lexislación vixente, teña que ser sometido a informe de Augas de Galicia e afecte unha área onde se considere que hai un risco potencial significativo de inundación incluírá, entre o seu contido, a seguinte información:

a) Planos onde se reflectan, sobre a ordenación proposta, o dominio público hidráulico e as súas zonas de servidume e de policía.

b) Planos onde se reflectan, sobre a ordenación proposta, as zonas inundables.

c) Planos onde se reflectan, sobre a ordenación proposta, as zonas de fluxo preferente.

2. Para elaborar os planos de zonas inundables e de zonas de fluxo preferente a que se refire o punto anterior, tomaranse de referencia os mapas de risco e de perigo publicados por Augas de Galicia. Calquera modificación con respecto aos mapas publicados acompañarase dos estudos hidráulicos xustificativos correspondentes. Nas áreas onde non existan mapas publicados, os planos de zonas inundables e de fluxo preferente acompañarase dos estudos que xustifiquen a delimitación proposta.

Cando o instrumento de planificación de carácter territorial ou urbanístico que teña que ser sometido a informe de Augas de Galicia afecte un tramo de río que non estea definido



como ARPSI, pero no cal exista información cartográfica de inundabilidade publicada por Augas de Galicia, a dita información tamén se incorporará aos citados instrumentos, co contido establecido no número 1.

3. A representación das zonas inundables e de fluxo preferente realizarase sobre a situación de inundabilidade actual. Se como resultado de actuacións estruturais de prevención de inundacións, previstas en calquera instrumento de planificación de carácter territorial ou urbanístico, se produce unha modificación significativa da zona inundable ou da zona de fluxo preferente ou unha diminución do risco de inundación, poderanse aplicar na representación as condicións que resulten unha vez executadas esas obras. Neses casos, esas actuacións deberán ser autorizadas expresamente por Augas de Galicia. Ata o momento en que estas actuacións non estean totalmente executadas, non se poderá desenvolver na zona afectada o contido deses instrumentos de planificación.

Artigo 64. *Autorizacións en zonas inundables dentro da zona de policía*

1. A execución de calquera obra ou traballo que se vaia levar a cabo en zonas inundables incluídas dentro da zona de policía deberá ser autorizada por Augas de Galicia.

2. Na tramitación desta autorización poderase exixir a presentación dun estudo hidráulico de detalle en que se definan e xustifiquen as afeccións á zona inundable ou a vulnerabilidade fronte ás enchentes e as medidas correctoras, estruturais ou de xestión, necesarias para facer factible a actividade. Estas medidas deberán ser ambientalmente asumibles e non modificarán o réxime de enchente nin agravarán o risco asociado a el.

3. En todo caso, será potestativo de Augas de Galicia solicitar estudos hidrolóxicos e hidráulicos para determinar a zona de fluxo preferente ou zonas inundables na tramitación de expedientes de autorización de obras cando se considere que estas poidan afectar zonas inundables ou aumentar o risco de inundación.

4. De acordo co establecido no Real decreto 393/2007, do 23 de marzo, polo que se aproba a Norma básica de autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicados a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia, exixíraselles aos titulares das devanditas actividades, preexistentes ou futuras, a adopción de instrumentos de xestión do risco.



Artigo 65. *Obras de protección e defensa*

1. Nas obras de protección fronte a inundacións tenderase, no posible, a aumentar o espazo do río, tomando en consideración, cando sexa posible, o mantemento ou o restablecemento das chairas aluviais. Estas obras de protección deberán buscar que se compatibilice a nova zona de fluxo preferente e as novas zonas inundables cos usos do solo existentes e previstos. Estas obras, ademais de cumprir o establecido nos artigos 7 e 8 da Lei 21/2013, de avaliación ambiental, serán compatibles co establecido no plan hidrolóxico de bacía sobre o estado da masa de auga e o seu obxectivo ambiental.

2. Para o dimensionamento de infraestruturas de defensa en zonas inundables incluírase un estudo de viabilidade en función do número de vítimas que se deberá evitar e da relación custo-beneficio. Determinaranse as zonas inundables tendo en conta as prescricións establecidas por Augas de Galicia, en correspondencia co establecido no Real decreto 903/2010.

Artigo 66. *Obras de paso de infraestruturas de transporte*

1. No deseño das pontes, pasarelas e obras de drenaxe transversal das estradas e ferrocarrís, con carácter xeral, procederase para non alterar de forma significativa a zona de fluxo preferente. Sen prexuízo do anterior, poderase considerar un nivel de protección inferior se se elabora unha análise comparativa de riscos e custos para as diferentes alternativas que haberá que considerar.

As pontes, pasarelas ou obras de drenaxe transversal dimensionaranse con carácter xeral para o período de retorno de 500 anos, salvo que Augas de Galicia admita outro período de retorno debidamente xustificado no proxecto da nova infraestrutura, atendendo ás peculiaridades da zona, a entidade do leito e as características da propia infraestrutura.

2. Establécense as seguintes recomendacións con respecto ao abeiro desde a superficie libre da auga á parte inferior do taboleiro, que será o que resulte de interpolar entre os seguintes datos:

Bacía (km ²)	Abeiro (m)
5	0,25
10	0,5
25	0,5
50	0,5



Bacía (km ²)	Abeiro (m)
100	0,75
1.000	1
>2.000	1,5

3. Con carácter xeral, para o deseño das infraestruturas recollidas no número 1 non se porán apoios intermedios no leito, e serán só autorizables no caso de que sexa a única solución técnica viable. Recoméndase en luces de ata 25 m que as estruturas de paso teñan un só van, e que para luces maiores teñan un van con luz maior que 20 m e outro ou outros dous con luces maiores que 6 m. En tramos rectos o van de máis de 20 m situarase no centro e en tramos curvos, no exterior da curva. En todo caso, nos cursos catalogados como rede hidrográfica básica nos ámbitos non urbanos non estará permitido o uso de marcos ou tubaxes que modifiquen a morfoloxía do leito.

4. En zonas rurais, as pontes de camiños veciñais ou pistas rurais terán maior capacidade de desaugadoiro que os tramos inmediatamente augas arriba e augas abaixo. Resulta aconsellable que ata 20 m de luz o leito se salve cun só van; para luces maiores tentárase dispor dun van de 15 m e outro ou outros dous con luces maiores que 2 m. É aconsellable que a parte inferior do taboleiro quede a 25 cm por encima dos terreos lindeiros, non así o camiño de acceso cuxos 20 m antes e despois da ponte quedarán ao nivel dos terreos, de maneira que se asolague antes o camiño que a ponte.

5. As obras de drenaxe dimensionaranse de modo que non se produza acumulación dos escoamentos nunha determinada zona ou que non se engadan a unha valgada áreas vertentes superiores en máis dun 10 % á superficie da bacía propia. En todo caso, as obras de drenaxe transversal dimensionaranse para a enchente de T=500 anos, e deberá xustificarse debidamente ante Augas de Galicia o uso dun período de retorno menor ou, no caso da drenaxe lonxitudinal, xustificarse o período de retorno utilizado, atendendo ás peculiaridades da zona e ás características das infraestruturas, así como a súa afección ao dominio público hidráulico. A sección hidráulica terá unha superficie mínima equivalente a unha circular de 800 mm de diámetro e será sempre superior ao ancho do leito nas seccións próximas augas arriba e augas abaixo.

6. Fóra de zona urbana ou urbanizable e, no caso de infraestruturas importantes, as pontes e obras de paso dimensionaranse para un caudal de enchente de período de retorno de 500 anos, de acordo co disposto no número 1.

Con carácter excepcional, no caso das infraestruturas que soporten unha menor intensidade de tráfico, as pontes e obras de fábrica poderanse dimensionar para un caudal de



enchente de período de retorno de 100 anos, sempre que esta circunstancia se xustifique de forma adecuada, tendo en conta, polo menos, a entidade do leito e que non se produza un incremento significativo do risco de inundación con respecto ao período de retorno de 500 anos. Para a valoración do risco teranse en conta os aspectos marcados polo Real decreto 903/2010, do 9 de xullo, de avaliación e xestión do risco de inundación.

En todo caso, adaptaranse as luces e distribución dos vans e o abeiro desde a superficie libre da auga para a enchente de deseño á parte inferior do taboleiro ao definido no número 1.

Os estribos deberán situarse sempre fóra do leito e, se fose necesario, deixar libre a zona de servidume de ambas as dúas marxes, co fin de permitir o seu uso público e protexer o ecosistema fluvial, agás casos moi xustificados.

7. Para pasarelas peonís aplicaranse supletoriamente os criterios indicados nos números anteriores atendendo, entre outras, a causas de seguridade, importancia da pasarela e intensidade do tránsito, e poderase admitir, en atención á súa relevancia segundo os criterios anteriores, que sexan superables coa condición de que se sitúen os seus estribos fóra do dominio público hidráulico e non provoquen unha modificación relevante do perfil de velocidades do fluxo nin aumento da cota de inundación na zona.

8. Non se permitirán os encanamentos cubertos, máxime cando se prevexan arrastres de sólidos e flotantes, salvo que se xustifique que tecnicamente é a mellor solución posible, que o tramo non conta con valores naturais relevantes e que se drenen adecuadamente as augas confluentes polos laterais no tramo canalizado. No caso de que sexa inevitable a cobertura dun leito, esta debe reducirse á lonxitude mínima imprescindible e Augas de Galicia establecerá os requisitos mínimos que deben cumprir as seccións proxectadas, de forma que se minimicen os efectos negativos sobre o ambiente. Garantirase a existencia dun calado mínimo en augas baixas para procurar o desprazamento da fauna piscícola e a capacidade de arrastre suficiente para a non deposición de materiais. Nestes supostos inevitables tenderase preferentemente á instalación dunha única conducción, e evítaranse na medida en que sexa posible os encanamentos constituídos por varias conducións dispostas en paralelo, con capacidade de desaugadoiro suficiente segundo o establecido nesta normativa e sen introducir modificacións na morfoloxía do leito.

9. Para as canalizacións e rectificacións de leitos, buscaranse solucións brandas (noiros verdes, diques revexetables, dobres leitos...) que compatibilicen a prevención de inundacións coa conservación da vexetación de ribeira e que sexan compatibles co cumprimento dos obxectivos ambientais.



10. No caso de novas obras de drenaxe transversal que materialicen pasos entre parcelas, unicamente serán autorizables no caso de que non exista outro modo de acceso alternativo. Nestes casos a lonxitude máxima de obra de fábrica será de seis (6) metros, salvo necesidades de paso debidamente xustificadas.

Artigo 67. *Criterios para o deseño da drenaxe nas novas áreas que se vaian urbanizar*

1. Os proxectos que se refiran a novas urbanizacións, polígonos industriais, desenvolvementos urbanísticos e infraestruturas lineais que poidan producir alteracións na drenaxe da bacía ou bacías interceptadas deberán introducir sistemas de drenaxe sustentable (uso de pavimentos permeables, tanques ou dispositivos de tormenta, etc.) que garantan que o eventual aumento de escoamentos respecto do valor correspondente á situación preexistente pode ser compensado ou é irrelevante.

2. Cando se considere necesario, dadas as características da bacía, na fase de redacción do proxecto poderá exixirse a realización dun estudo hidrolóxico-hidráulico que xustifique que o eventual aumento dos escoamentos producido pola impermeabilización-urbanización dunha superficie non resulta significativo. Este estudo será exixible, en calquera caso, cando a superficie da nova actuación supoña polo menos o 25 % da superficie total da bacía.

Artigo 68. *Outras obras e actuacións*

1. As actuacións de todo tipo realizadas no leito ou na zona de policía deberán, con carácter xeral, dimensionarse para T=500 anos e poderá Augas de Galicia autorizar o dimensionamento para T=100 anos, sempre que se xustifique co correspondente estudo técnico que se pode asegurar a evacuación sen danos das enchentes de ata 100 anos de período de retorno e avaliando os efectos no caso de presentarse a enchente de 500 anos.

2. As vías de comunicación evitarán no seu trazado discorrer por zonas inundables. En todo caso, as obras de drenaxe transversal dimensionaranse para a enchente de T=500 anos e deberase xustificar debidamente ante Augas de Galicia o uso dun período de retorno menor ou, no caso da drenaxe lonxitudinal, xustificando o período de retorno utilizado, atendendo ás peculiaridades da zona e ás características das infraestruturas (tráfico, importancia...), así como a súa afección ao dominio público hidráulico, de modo que non se produza acumulación dos escoamentos nunha determinada zona ou que non se engadan a unha valgada áreas vertentes superiores en máis dun 10 % á superficie da bacía propia.



3. Calquera obra para realizar na contorna dun río, especialmente en zonas de protección de leitos e nas zonas inundables que impliquen un cambio dos usos do solo e unha modificación cuantitativamente substancial dos escoamentos producida na zona, deberá presentar unha modelización hidrolóxica-hidráulica que reflecta o comportamento do río antes e tras a realización das obras para distintos períodos de retorno ata $T=500$ anos. Deberase analizar o tramo augas arriba e augas abaixo da actuación, así como a posible influencia nas zonas inundables do río na zona das obras.

4. Para os efectos desta normativa, enténdese por sendeiros fluviais os itinerarios, tradicionais ou non, en forma de camiños, sendas ou pistas, a través dos cales se poden visitar lugares considerados de interese paisaxístico, ambiental, cultural, histórico, turístico ou social. Así mesmo, enténdese por paseos fluviais os itinerarios que discorren á beira dos ríos, que implican certo grao de urbanización, coa instalación de elementos urbanos e accesibles para a maioría da poboación.

Con respecto aos sendeiros fluviais, cando se sitúen na zona de servidume, a afección a esta zona será a mínima posible e a súa execución será respectuosa coa vexetación de ribeira existente.

Con respecto aos paseos fluviais, só se permitirán en zona de servidume os vinculados a tramos urbanos. Con carácter xeral, estes paseos deberán localizarse fóra dos tres primeiros metros da zona de servidume, respectando a vexetación de ribeira; entre os tres e os cinco metros da zona de servidume soamente se permitirá na súa construción o emprego de materiais naturais, como saburras, e o mobiliario urbano, a sinalización e os carteis localizaranse fóra da zona de servidume.

5. Coa finalidade de minimizar os efectos da impermeabilización do solo, nas novas urbanizacións reducirase ao mínimo posible a selaxe deste, mediante a utilización de pavimentos filtrantes e a interposición de espazos verdes ou sen pavimentar.

6. Os abeiros para laminación de enchentes deberán respectarse en todos os encoros, de acordo coas súas normas de explotación e plans de emerxencia.

Sección 3ª. Medidas enfocadas á predición das inundacións

Artigo 69. Sistemas de alerta temperá

1. Augas de Galicia dispón dunha rede de dispositivos de control de caudais, con puntos de control nos seus principais cursos fluviais, que lle permite realizar medicións de caudal e o seguimento das crecidas en caso de enchentes.



2. Estes datos, que están á disposición pública xunto cos procedentes doutros organismos públicos, permiten a creación de ferramentas e servizos de utilidade para a seguridade de bens e persoas nas zonas inundables que requiren dun plan de autoprotección.

Sección 4ª. Medidas enfocadas á xestión dos eventos de inundación

Artigo 70. Operación dos órganos de desaugamento en encoros durante os episodios de enchentes

1. Durante a xestión dun evento de inundación, na operación dos órganos de desaugamento dos encoros da bacía, procederase de acordo co establecido nas normas de explotación da presa, nos plans de emerxencia e no artigo 23 do Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, e coas obrigas establecidas para os titulares de presas e encoros no artigo 367 do Regulamento do dominio público hidráulico.

2. Co fin de minimizar, na medida do posible, os danos augas abaixo dos encoros existentes, no conxunto de operacións destinadas á xestión dunha enchente nun determinado tramo de río situado augas abaixo dun encoro, ou sistema de encoros, as manobras dos órganos de desaugamento realizaranse co obxectivo de que o caudal máximo desencorrido non supere, ao longo do período de duración da enchente, o máximo caudal de entrada estimado no devandito período, sen prexuízo das manobras que se realicen co obxectivo de aumentar a capacidade de regulación do encoro ou a súa propia seguridade mediante desaugamentos preventivos, nin das obrigas derivadas do cumprimento do réxime de caudais ecolóxicos.

Artigo 71. Danos producidos polas enchentes

As inundacións producidas polas enchentes non ordinarias considéranse un fenómeno natural aleatorio de ocorrencia periódica, de intensidade e magnitude non previsible, polo que teñen a consideración, no caso de se produciren, de forza maior.

Artigo 72. Revisión das normas de explotación de encoros en relación coas enchentes

1. Nos prazos que establece o Real decreto 264/2021, do 13 de abril, polo que se aproban as normas técnicas de seguridade para as presas e os seus encoros, os titulares das presas das categorías A e B deberán presentar ante a autoridade competente as súas normas de explotación, tendo en conta os criterios establecidos no Plan de xestión do risco



de inundación, vixente na Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa. Para iso, deberanse considerar os seguintes aspectos:

a) Co fin de coñecer as curvas características actuais do encoro, realizarán estudos batimétricos que permitan definir con precisión os gráficos altura-superficie-volume de cada encoro.

b) Avaliaranse os hidrogramas das enchentes afluentes ao encoro e as súas probabilidades de seren superadas para, polo menos, os períodos de retorno de 1, 10, 50, 100 e 500 anos. Para esta avaliación consideraranse os datos ou referencias das enchentes precedentes.

c) Determinarase a distribución estacional das enchentes segundo os meses, para ter en conta a súa eventual coincidencia cos niveis previsibles do encoro en distintas épocas do ano.

d) Analizarase e avaliarase a incidencia dos caudais desaugados polos encoros de augas arriba e a laminación que produzan os de augas abaixo.

e) Estudaranse os efectos producidos augas abaixo da presa para diferentes caudais desaugados, así como a súa combinación con distintos valores de caudais circulantes polo leito procedentes doutras posibles achegas.

f) Á vista de todo o anterior, analizarase a contribución que ofrecen diferentes abeiros estacionais á diminución dos riscos de inundación augas abaixo do encoro.

2. Os titulares das presas a que se refire o número anterior deberán instalar e manter ao seu cargo un sistema de rexistro en continuo dos niveis do encoro, así como dos caudais realmente desaugados por todos os órganos dispoñibles para iso. Os datos incorporaranse ao sistema de información hidrolóxica de Augas de Galicia, coa forma e periodicidade que este organismo determine.

Sección 5ª. Protección fronte ás secas

Artigo 73. Medidas de protección contra as secas

1. Durante os episodios de seca deberán adoptarse as medidas para garantir o abastecemento e a calidade da auga previstas na Lei 9/2019, do 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento en episodios de seca e en situacións de risco sanitario.



2. O Plan de seca da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa verificará que tanto o sistema de indicadores como as medidas de prevención e mitigación das secas son concordantes cos obxectivos da planificación hidrolóxica segundo estes se vaian actualizando nas sucesivas revisións do plan hidrolóxico.

*Sección 6ª. Réxime económico-financeiro da utilización
do dominio público hidráulico*

Artigo 74. *Aplicación do principio de recuperación de custos*

1. No anexo XI da memoria recóllese a información sobre a aplicación do principio de recuperación dos custos dos servizos da auga.

2. A estrutura tarifaria, incluídos, de ser o caso, os mínimos exentos dos tributos relacionados cos sistemas de abastecemento á poboación, rede de sumidoiros e sistemas de depuración que establezan as administracións públicas responsables en cada caso da prestación dos servizos, deberá deseñarse de modo que responda aos principios de uso eficiente da auga, consumo responsable, equidade, transparencia e recuperación dos custos destes servizos.

As administracións públicas responsables revisarán as súas ordenanzas ou normas reguladoras dos distintos servizos co obxecto de conseguir unha estrutura tarifaria axustada a estes principios.

En particular, de acordo co principio de equidade, as administracións públicas responsables só poderán facturarlles ás persoas usuarias aqueles servizos previstos no primeiro parágrafo deste número que sexan efectivamente prestados.

Así mesmo, para o cumprimento dos principios antes indicados, a estrutura tarifaria do servizo de abastecemento, sen prexuízo da existencia dunha cantidade fixa polo feito da prestación do servizo, diferenciará os tramos en función do volume de auga consumida, sen que poidan establecerse mínimos exentos que desincentiven o consumo responsable da auga. A adecuación da estrutura tarifaria a estes principios deberá xustificarse especialmente no expediente de elaboración das ordenanzas ou no procedemento de elaboración das normas reguladoras do servizo.

O sistema de facturación será facilmente comprensible pola persoa usuaria e os custos administrativos derivados do sistema responderán ao principio de eficiencia.



3. Só poderán establecerse excepcións ao devandito principio se se cumpren as condicións establecidas no artigo 111 bis.3 do texto refundido da Lei de augas.

4. Os rendementos que obteña a Administración hidráulica de Galicia procedentes da explotación de aproveitamentos hidroeléctricos serán destinados ao cumprimento das funcións atribuídas nos artigos 23 e 24 do texto refundido da Lei de augas. Dentro do marco das súas competencias, a Administración hidráulica de Galicia fomentará a restitución económica e social do territorio onde se xera a enerxía, así como a restauración ambiental e a satisfacción das necesidades enerxéticas na prestación dos servizos públicos relacionados coa xestión da auga da bacía.

